

as pontes

Entrevista a Valentín González Formoso, alcalde e presidente da Deputación. **Pax. 12**

guitiriz

Tanxugueiras encabeza o cartel da Festa da Torta de Millo, que será o 4 de xuño. **Pax. 16**

castro de rei

O antigo hospital de San Rafael converterase nun centro de acollida de refuxiados. **Pax. 19**

abadín

Prepárase para xullo un festival cultural co nome de Rumboia Viva. **Pax. 21**

muras

Veciños manifestáronse contra a reapertura da mina de Silán. **Pax. 23**

A gastronomía volve ser protagonista este mes



friol. Recupérase a Festa do Porco Celta que terá lugar o sábado 15.

a pastoriza. Bretoña prepárase para a Festa da Bola de Liscos e das Freces.

muimenta. O primeiro de maio volverá estar dedicado ás filloas.

As eleccións de maio marcan a vida política

A maior parte dos partidos presentaron os candidatos a alcaldes en cada concello. **Pax. 2-3**

Regresa logo de tres anos a Feira do Ferro

Riotorto recupera un amplo programa coas demostracións en vivo como protagonistas. **Pax. 24**

O Pleno avala o Plan Único da Deputación


Os concellos destinan 16 millóns de euros a obras, 3,7 a fomento do emprego e 3,4 ao SAF. **Pax. 26**

FIV 2023 de Vilalba



Xa está todo listo para este festival, que se celebrará do 28 ao 30 de abril. **Pax. 4**

Festival Entrepontes



Organizado polo colectivo Fillos da Chai-
ra de Rábade será o 13 de maio. **Pax. 24**

Banda de Meira



Este colectivo e a escola celebran este ano o seu 20 aniversario. **Pax. 25**

**As túas lentes de contacto
van cambiarche
a vida.**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.
*Consulta condicións.

Nº R.S. B-27-000111 / B-27-000111 - Nº R.S. B-15-000024 / B-15-001170


**Pide a túa
cita previa**



A FONDO

Como se escollen os deputados?

Nos comicios de maio votarase polo Goberno local onde está censado e o voto repercutirá na composición do organismo provincial

A provincia prepárase para celebrar de novo as eleccións municipais, uns comicios que nos ofrecerán unha renovación dos equipos de goberno á fronte das alcaldías. Pero, ademais, co seus votos, os lugueses tamén escollen a composición da Deputación Provincial, aínda que isto se fai de maneira indirecta, xa que o veciño non vota directamente a un deputado dun partido ou doutro pero si a cor política do voto implicará que o electo sexa dun partido ou doutro. Actualmente, a provincia está dividida en sete partidos xudiciais ou xuntas electorais que aportan un número de deputados diferente, xa que a poboación é tamén moi distinta. Así, o máis numeroso é o partido xudicial de Lugo, ou zona centro. O peso poboacional de Lugo lévao a capital e de aí saen 12 deputados, case a metade dos elixibles, que son 25. Ademais da capital súmanse neste grupo os votos dos concellos da contorna, parte da montaña e da comarca sarriá.

A seguinte xunta electoral por tamaño é a de Mondoñedo, onde están incluídos os concellos da Mariña. Elixe seis deputados.

Despois tres xuntas electorais contan con dous deputados cada unha. Son as de Monforte (concellos da Ribeira Sacra e o Courel), Chantada (que engloba a zona da Ulloa) e Vilalba (cos da Terra Chá).

Finalmente, queda un deputado no tinteiro, o que sae dos concellos da zona da Fonsagrada e Ancares e que moitas veces é o que marca a cor política que goberna na Deputación xa que a igualdade foi máxima nos últimos comicios no resto. O pacto entre PSOE e BNG levouse pola mínima diferenza o Goberno da Deputación no 2015 e no 2019 aínda que é o PP o que tivo o maior número de deputados nas dúas ocasións.


Unha vez constituídos todos os concellos, os escanos das deputacións



REPARTO POR CONCELLOS

- **Chantada** (2 deputados) Antas de Ulla, Carballado, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín, e Taboada.
- **Fonsagrada** (1 deputado) Baleira, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Ribeira de Piquín.
- **Lugo** (12 deputados) Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, O Corgo, Friol, Guntín, O Incio, Láncara, Lugo, Meira, As Nogais, Outeiro de Rei, Paradela, O Páramo, Pol, Pedrafita, Rábade, Samos, Sarria e Triacastela,
- **Mondoñedo** (6 deputados) Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oural, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove
- **Monforte** (2 deputados) A Pobra de Brollón, Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil e Sober.
- **Vilalba** (2 deputados) Begonte, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba e Xermade.

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL



DEPUTADOS ACTUAIS

Chantada

Pilar García Porto. PSOE
Pablo José Taboada Camoira. PP

Fonsagrada

Roberto Fernández Rico. PSOE

Lugo

José Luis Raposo Magdalena. PSOE
Xosé María Arias Fernández. PSOE
Pablo Rivera Capón. PSOE
Ana González Abelleira. PSOE
Maite Ferreiro Tallón. BNG
Efrén Castro Caloto. BNG
Jesús Manuel Núñez Díaz. PP
Francisco Javier Balado Teijeiro. PP
José Pardo Lombao. PP
José Fernández Vázquez. PP
José Ángel Santos Sánchez. PP
Oscar Poy Franco. PP

Mondoñedo

Mayra García Bermúdez. PSOE
María Loureiro García. PSOE
Mónica Freire Rancaño. BNG
Javier Jorge Castiñeira. PP
José Manuel Gómez Puente. PP
Jesús Novo Martínez. PP

Monforte

José Tomé Roca. PSOE
Lola Castro Ochoa. PP

Vilalba

Roberto García Pernas. PSOE
Xosé María Teixido Núñez. PP

provinciais repártense, por cada partido xudicial, segundo a fórmula D'Hondt, entre aqueles partidos que obtiveron algún concelleiro en cada partido xudicial e segundo o número de votos conseguidos por cada un deles. Os deputados provinciais que corresponden a cada partido político son elixidos, a nivel de partido xudicial, entre e polos concelleiros de cada un deles, que pertencen aos municipios que comprende cada

zona. Tradicionalmente os deputados están divididos a partes iguais en Chantada, Monforte e Vilalba. A representación nacionalista súmase desde os partidos xudiciais máis numerosos (Lugo e Mondoñedo). Nas últimas eleccións, na de Lugo, 6 dos deputados foron do PP, 4 do PSOE e 2 do BNG. Na Mariña tamén tivo o PP 3, 2 o PSOE e 1 o BNG, polo tanto foi o voto socialista da Fonsagrada o que rompeu o empate.

¿Tienes un proyecto social que se enmarca en la transición energética justa?

Y.E.S.

Inscríbete en

EDP Energía Solidaria

Energías Renovables

Eficiencia Energética

Movilidad Sostenible

Comunidades en Transición



Envía tu solicitud del 1 al 31 de mayo
Más información: www.fundacionedp.es

edp
Fundación

A comarca ultima os candidatos

Poucos cambios nos concellos chairegos, nos que repiten os candidatos que ocupan agora mesmo a Alcaldía. Na capital da Chaira, **Vilalba**, precisamente é onde menos cambios se produciron. A alcaldesa socialista Elba Veleiro foi a primeira da zona en confirmar a súa continuidade á fronte do seu partido de cara as eleccións de maio e de feito presentou xa a lista completa. A súa intención é renovar tras ter conseguido arrebatarse ao PP no 2019 o seu principal bastión. Tamén liderará a lista de Vilalba Aberta Modesto Renda. Ambos os dous gobernaron en coalición os primeiros meses pero o PSOE seguiu en solitario.

Sandra Vázquez, que substituíu en plena lexislatura a Agustín Bamonde á fronte do PP. Unha vez que se saiban os votos haberá que ver si deberán volver pactar os partidos de esquerdas para facer goberno. Polo BNG preséntase Constantino Alvite, na procura de obter representación na próxima Corporación.

Na **Pastoriza** tanto o alcalde, o socialista Primitivo Iglesias, como a dirixente nacionalista, Elva Carreira, repitarán unha vez máis para loitar pola dirección da casa con-

sistorial. Ambos os dous gobernan en coalición repetindo a experiencia da lexislatura anterior. O Partido Popular tardou pero por fin confirmou que será Darío Cabaneiro o seu candidato á Alcaldía.

En **Abadín**, un dos alcaldes máis lonxeiros no cargo, José María López Rancaño, buscará unha nova lexislatura á fronte do PP. Rancaño fixo nesta anualidade 40 anos como alcalde da localidade. Pola oposición repite tamén Pablo Díaz. Sen representación do BNG actualmente, non se presentou aínda candidato.

En **Begonte**, José Ulla volve poñerse á fronte do PP para revalidar o seu cargo mentres que Susana Ferreiro fará o mesmo polo PSOE. Tampouco se fixo público o candidato nacionalista aínda, que tampouco ten representación hoxe en día.

En **Castro de Rei**, onde o popular Francisco Balado volve presentarse tras varias lexislaturas, cambian iso si os líderes das oposicións. Este ano encabezarán os socialistas Alba Sinde, mentres que á fronte do BNG está Olga García Portela.

En **Cospoite** o actual alcalde, Armando Castosa, seguirá liderando o PP cara ao proceso de maio, non así a oposición. Daniel Irimia é o novo líder socialista trala retirada de primeira liña de Rosa Morán. No BNG tamén hai caras novas, xa que Afonso Olegario substitúe a Yolanda García, no único concelleiro que conseguiron os nacionalistas nos comicios anteriores.

En **Friol**, o popular José Ángel Santos, que conta cunha das maiorías máis importantes do PP na provincia (ten 10 concelleiros dos 11 a reparto), volverá presentarse. Pola contra, o PSOE aínda non confirmou candidato. Si o fixo o BNG, que espera recuperar o terreo



perdido nas últimas lexislaturas da man de Ada Blanco, unha das candidatas máis novas da provincia xa que conta só con 19 anos.

Guitiriz tamén é conservadora na Alcaldía. A socialista Marisol Morandeira volverá presentarse este ano na procura dunha segunda lexislatura. Na oposición, José Manuel López Rodríguez é o novo candidato do PP á Alcaldía mentres que nas filas nacionalistas, o lugar o ocupa Mónica Roca.

Tamén o actual alcalde de **Meira**, Antonio de Dios, opta á reelección como líder socialista mentres que Óscar Fernández faíno polo PP trala renuncia de Carlos Veiga. No BNG chega unha cara nova, Ermitas Rodríguez, pero non se sabe se volverá presentarse Galicia Sempre.

Muras opta tamén por manterse. O alcalde nacionalista Manuel Requeijo seguirá á fronte do seu partido mentres que Eugenia Requeijo continuará liderando o PP. Non repetirá Mario Rouco en Muras, que pactou co nacionalista para facer goberno, pero non se coñece ao seu substituto.

No concello de **Outeiro de Rei**, José Pardo Lombao repite como alcaldable do Partido Popular, ao igual que fai a socialista Carmen Acacio. O que aínda non se sabe é

quen se ocupará de liderar o BNG despois de que Lara Pita pasara a ocupar este cargo no mes de xuño trala retirada de primeira fila de Xosé Ferreiro.

Outro dos candidatos nacionalistas que non se coñecen aínda é o de **Pol**. Tras gañar un concelleiro nas anteriores eleccións, Óscar Carballés encargouse do partido pero non confirmou a súa continuidade. Quen si o fixo foi o socialista Lino Rodríguez Ónega, que aspira novamente a revalidar a maioría absoluta que mantén no Concello polense. Polo PP, preséntase unha cara nova, Nicole Grueira, unha das candidatas máis novas das listas da provincia, que mantén unha gran actividade política.

En **Rábade**, continuidade total, xa que volverán presentarse o alcalde actual Francisco Fernández Montes, polos Independentes, e Alejandro Martínez, polo PSOE, que gobernan en coalición e que cravaron resultados nas dúas últimas eleccións. Polo partido popular volve presentarse Remedios González Cabarcos, que liderou a oposición de Rábade esta última lexislatura. A popular intentará facer valer o feito de ser a lista máis votada para facerse coa Alcaldía.

En **Riotorto**, Clemente Iglesias buscará unha nova lexislatura á fronte do PP municipal, mentres que Víctor González foi nomeado como candidato socialista. O BNG tamén cambia de líder. A xornalista Vanesa Gómez Lourido substitúe a Luis Fernández á fronte do BNG, pero este continuará na primeira liña da candidatura.

Finalmente, **Xermade** contará con Roberto García liderando os socialistas unha vez máis, como alcalde e deputado provincial. Antonio Riveira foi presentado polo PP como candidato á Alcaldía para estes comicios e o BNG segue sen aspirante ao posto de alcalde.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

clínica **TEST** dental

Convocada unha nova edición do concurso de microrrelatos

O Concello de Vilalba e Culturalia Gz organizan a quinta edición do concurso de microrrelatos, que ten como obxectivo conmemorar o Día do Libro e fomentar na poboación o achegamento á lectura literaria.

Poden concursar todas as persoas que o desexen. Os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos. O tema é libre e deberá conter, polo menos unha vez, a palabra "libro" no corpo do microrrelato. Cada participante poderá presentar un máximo dun microrrelato e as obras terán como máximo 100 palabras (título incluído). Os microrrelatos enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo do Concello de Vilalba: comunicacion@vilalba.es. O prazo para a presentación de textos estará aberto ata as 23:59 horas do 21 de abril.

Establécense tres categorías: Infan-



til (ata 11 anos); Xuvenil (de 12 a 17 anos), e Adultos/as (a partir dos 18 anos). Habrá premios para os tres mellores microrrelatos nas tres categorías. Na de adultos, 300, 200 e 100 euros; libros e material escolar na categoría Infantil, e un portátil e libros na Xuvenil.



RODAXE. Ficción Producciones arrincou en Vilalba coa rodaxe de *Tratamos demasiado bien a las mujeres*, o salto á dirección da figurinista, gañadora de catro premios Goya, Clara Bilbao. A película mantén un reparto coral capitaneado por Carmen Machi e Antonio de la Torre que conta tamén, entre outros, coa participación de Luis Tosar. A película estase a gravar na escola Habaneira do Valado, en San Simón da Costa.

Todo preparado para o FIV

O FIV de Vilalba presentou o último cartel, o que desvela como se organizarán os concertos que se celebrarán entre o 28 e o 30 de abril en Vilalba. Grupos de renome como Lori Meyers e Sidecars completan o cartel xunto outros artistas do panorama actual como La Casa Azul, Sidonie, Delaporte, Carlangas e Hickeys. Tamén contarán con nomes galegos como Moura ou Berta Franklin. Sen esquecer dos DJs que amenizan as veladas para que a festa non termine e a Banda de Música de Vilalba que nunca se perde a cita.

O venres 28 de abril subiranse ao Escenario Vibra Mahou do Campo da Feira cinco artistas a partir das 20.00 horas, con entrada ao recinto aberta xa desde as 19.00. Actuarán cada hora e media polo seguinte orde: Moura, Carlangas, Aidecars, La Casa Azul e Akkan. Mentres que o sábado actuarán comezarán ás 19.15 con Berta Franklin para continuar con Hickeys, Delaporte, Sidonie, Lori Meyers e Ocho y Medio Dj's. A nova fichaxe do festival, Tangerine Sistas, inaugurarán o escenario principal coa súa música electrónica.

Tamén o sábado 29, o escenario emerxente da praza da Constitución acollerá os concertos da Banda de Música de Vilalba ás 12.00 horas, aos murcianos Los Malinches, ás 13.30, e aos Dj's Jus Kno ás 15.00. Por último, o domingo 30 de abril e no mesmo espazo, o grupo infantil A Gramola Gominola deleitará aos máis pequenos da casa a partir das 12.30 horas para pechar tres días completos de música. Todos os concertos situados neste escenario serán gratuítos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. O FIV ofrecerá diferentes actividades



culturais paralelas durante a fin de semana. A casa da cultura acollerá tres propostas.

Así, o venres 28 de abril realizarase a gravación do podcast Café Derby 21 con artistas invitados. Trátase dunha actividades con prazas limitadas. Realizarase proximamente un sorteo en redes para elixir os gañadores que poderán vivir o programa en directo. O sábado 29 de abril, tamén na casa da cultura haberá un coloquio sobre a evolución dos medios musicais. Será unha conversación entre profesionais do sector sobre a evolución do xornalismo musical nos últimos tempos e, en especial, desde a pandemia, e como as novas canles de difusión transformaron a comunicación. As prazas son limitadas e o formulario de inscrición estará dispoñible a partir do 20 de marzo.

Finalmente, o domingo 30 de abril farase a presentación do libro infantil Isto é rock! de Javier Becerra. Tamén contará con prazas limitadas e o formulario de inscrición estará dispoñible a partir do 20 de marzo.

Ademais, durante toda a fin de semana haberá un concurso de Reels no que se pode gañar un abono dobre para o FIV 2024. Os requisitos

para participar son ser maior de idade, ter conta en IG, realizar un vídeo en formato Reels dunha duración entre 15 e 30 segundos no que apareza polo menos un dos elementos representados no skyline do cartel deste ano, e etiquetar a @fivdevilalba e @vilalba.concello co hashtag #vilalbaémoitomás.

O período de participación estará aberto desde o 28 de abril de 2023 ás 00:00 horas ao 30 de abril de 2023 ás 23:59 horas. A Campaña do comercio e hostalería local Eu son FIV volve nesta edición para visibilizar e fomentar o consumo nos establecementos de Vilalba ao longo de toda a fin de semana do festival.

TRANSPORTE. O FIV contará este ano cun servizo de autobuses dende Lugo e A Coruña, tanto de ida como de volta os dous días. Por outra banda, fletarán autobuses especiais para o regreso a estas cidades unha vez rematado o concerto no escenario principal. Será por tanto ás 4.30 horas para os dous casos.

Os autobuses saíran da rúa Cuart de Poblet, fronte ao CEIP Antonio Insua Bermúdez. Terá un prezo especial, de 12 euros, para cada viaxe de volta a Lugo e de 14 euros á Coruña.

ACAMPADA. Este ano estableceronse tres zonas de acampada e só queda sitio nunha. As dúas primeiras, no pavillón do CEIP Mato Vizoso e no pavillón do CEIP Insua Bermúdez teñen ocupada a capacidade de 60 tendas por pabellón e parcela. Contan con duchas, vestuarios diferenciados e aseos. Finalmente, habilitouse unha nova zona de acampada no campo de fútbol Estadio Roca e as prazas son limitadas.

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamentos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

Construtora Promotora Reformas Inmobiliaria

Multiservicios InterGallego sl

Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional

Abre la primera tienda especializada en inciensos y resinas de la india, gemas, jabones y champú artesanales, bombas de baño, aceites para masajes, aromaterapia y artículos artesanales.

Asesoramiento de terapias complementarias.
Gran surtido en bisutería y complementos con artículos desde 1€.

INAUGURACIÓN EL 14 DE ABRIL - 16H.

AVDA. GALICIA 11 - VILALBA
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919
info@intergallego.com

O Pleno aproba as subvencións nominativas ás asociacións

O Concello de Vilalba celebrou o último pleno ordinario no que se aprobaron, entre outras propostas do grupo de goberno, as subvencións nominativas destinadas ás entidades e asociación que traballan a prol da dinamización do pobo en diferentes eidos cunha achega total de 439.100 euros.

No ámbito asistencial, recibirán subvencións o Hospital Asilo (80.000 euros); a Asociación de Ex Alcohólicos (10.000 €), a Fundación Vilalba Terra Chá (75.000 €) e Protección Civil (5.000 €). Dentro das asociacións que desenvolven a súa actividade no eido do ensino, as beneficiarias nestes orzamentos son as anpas, con 1.500 euros cada unha.

Tamén se conceden subvencións variadas para colectivos dentro do deporte, entre os que figuran clubs deportivos de todo tipo. As maiores contías son para o Vilalbés (49.000 €) e o Vilalba FS (30.000 €). Engádense tamén a Asociación do Carballido para continuar as obras de rehabilitación da escola habanera ou a Serra da Carba (3.000 €) para a campaña da vespa velutina.

Asociacións culturais, musicais, de mulleres, de recuperación histórica, veciñais e parroquiais, con achegas,

en su maior parte para a organización de festas.

Por outra banda, a Asociación de Empresarios Sete Pontes recibirá 6.000 € para a promoción do comercio local, mentres a Rectoral de Santaballa (15.000) e a Escola Habanera de Tardade (2.000 €) recibirán axudas para investimentos.

CASA DA CULTURA. De novo non foi para adiante o proxecto de poñer á casa da cultura o nome de Manuel María. De novo esta proposta quedou parada trala abstención do PP, que alegou “falta e motivos”. Desta maneira, esta reivindicación histórica di lescha volve quedar atorada, xa que malia que PSOE e Vilalba Aberta votaron a favor, necesitábase unha maioría dos dous tercios, que, polo tanto, non se produciu.

Si que foi aprobado cos votos unánimes a modificación das normas subsidiarias do planeamento do parque empresarial Sete Pontes, o que lle permitirá ampliálo; así como a bonificación da cota tributaria de Entrepinares para que poda executar a ampliación prevista. Tamén se aprobou a modificación do regulamento do comedor da EEI para que podan ampliarse en 20 prazas máis.



GOIRIZ. Un total de 60 persoas asistiron en Goiriz a unha charla co cardiólogo Plácido Orosa, organizada pola asociación de veciños. Este especialista en Cardiología, unha figura coñecida pola veciñanza, falou sobre insuficiencia cardíaca, hipertensión, colesterol, infarto, anxina de peito e trastornos do ritmo cardíaco, ademais de respostar todas as preguntas que se lle plantexaron.

Elba Veleiro presenta a candidatura socialista para as eleccións



A Agrupación Socialista de Vilalba vén de presentar oficialmente a súa candidatura para os comicios municipais do 28 de maio despois de ser ratificada pola Asemblea Local e aprobarse nos órganos superiores do partido.

Un total de 21 nomes representativos da sociedade vilalbesa, unha lista interxeracional e intersectorial encabezada pola actual alcaldesa Elba Veleiro, médica de profesión que se fixo co bastón de mando en maio do 2019 tras máis de 40 anos de gobernos do PP.

A actual tenente de alcaldesa, Marta Rouco, ocupa o segundo lugar, liderando a lista do PSOE local dúas mulleres, e no terceiro posto, Eduardo Vidal, concelleiro no goberno e ex deputado provincial. A candidatura mantén a meirande parte dos nomes dos edís socialistas neste mandato, como Luis Fernández no número 5, Ignacio Criado no 6, e Antía Rama no 7, incorporando novas caras ao equipo como Paula Vigo no posto 4 e Daniel Vilasuso no 8.

En palabras da candidata á alcaldía, “presentamos unha lista plural, con representación de moitos sectores sociais, distintas profesións, xeracións, e que combina experiencia

de xestión con persoas que veñen a aportar e sumar, con ideas novas para o progreso e cambio que se iniciou en Vilalba no 2019 e que agora queremos continuar”, afirmou Veleiro no acto no que se desvelaron os nomes da lista socialista “coa que saímos a gañar, a revalidar o apoio e confianza da maioría social e a consolidar este proxecto para o que se sentaron as bases e que precisa de máis tempo para seguir colleitando resultados”.

Ademais, a actual rexedora destacou “a presenza nesta candidatura de persoas vencelladas ao rural, pois seguimos coa teima de tratar de ampliar servizos nas parroquias e mellorar as condicións de vida, un gran reto que todos debemos asumir”. Veleiro puxo de relevo que “despois destes catro anos no goberno, presentámonos ás eleccións coa convicción de que temos o mellor equipo para culminar todos os compromisos que adquirimos logo de sentar as bases nun concello que sufriu durante anos o abandono dos anteriores gobernantes”, remarcando que “é imprescindible a vontade e a confianza da xente para gañar estabilidade e poder continuar desde un goberno estable e forte”.

EN BREVE

FESTA DA AMIZADE. Os veciños das parroquias vilalbesas de Ladra, Noche e Nete continúan coa Festa da Amizade, que vai pola cuarta edición e que este ano terá lugar en Noche o 15 de abril, sábado. A xornada arrincarás ás 13.30 horas cunha sesión vermú amenizada por Eureka, que estará tamén pola noite xunto ao dúo Eclipse. Precisamente Eclipse e tamén Mestura de Nete darán o toque musical ao xantar. A organización lembra que o campo estará cuberto con carpa e estará dotado con calefacción. Celebraranse sorteos ao longo de toda a tarde e haberá colchonetas para os máis pequenos.

LUZ CAMPELLO. O Instituto de Estudos Chairegos e Nova Poseía Guitrica organizan a presentación do libro *Ben sabe o mar que posúo o botín das piratas*, de Luz Campello, editado por Editorial Galaxia. O acto terá lugar o venres 14 de abril, ás 20:00 horas, na casa da cultura de Vilalba, e contará coa presenza da autora do libro, Luz Campello; con Pilar Maseda e Luz Airado, poetas da NPG, e con Marisa Barreiro, presidenta do lescha. O poemario *Ben sabe o mar que posúo o botín das piratas* está editado na colección Dombate da Editorial Galaxia sendo o terceiro de Luz Campello despois de *Do corazón da terra* (Xermolos) e *O inventario do prohibido* (Espiral Maior).

CURSO RESTAURACIÓN. A asociación veciñal de Nausti abre o prazo de inscrición a un curso de restauración de mobles que impartirá a monitora María Folgueira. O curso terá lugar de maio a xuño, todos os luns de 19.30 a 21.30 horas, no centro social José Luis Novo Cazón, casa escola de Noche. Para este curso hai entre 10 e 12 prazas. Aínda que a inscrición é aberta terán prioridade os socios. As persoas interesadas en anotarse poden facelo a través de Veva (625 521 113), Pili (687 333 614) ou María del Carmen (649 179 291).

REBÉLATE CONTRA A SUBA DOS PREZOS

adamo
A mega fibra

O TEU PAQUETE DE
FIBRA E MÓBIL
Ao 50% DTO.
DURANTE 9 MESES

OFERTA
VECINOS DE
GALICIA
NON A DEIXES
ESCAPAR!

Chama gratis ao
900 651 679

ou configura o teu paquete
a medida en www.adamo.es

Consulta os detalles da promoción en www.adamo.es

“A teima dos Chao con Prisciliano comezou en Vilalba”

Moncho Paz, xornalista e presidente de Amigos de Prisciliano

O xornalista Moncho Paz foi refeedado como presidente de Amigos de Prisciliano o pasado 28 de decembro, data na que o colectivo quedaba legalmente constituído en Compostela como asociación cultural. Na actualidade, ten varios proxectos en marcha, entre os que destacan a escolma de crónicas *O mundo do Chavito*, o libro de artigos *Pílulas de vendimario* (na colección Biblioteca Chairega) e o documental *O camiño de Prisciliano* (con Arraianos Producións).

Como xurdiu o proxecto de crear unha asociación cultural?

Dende o seu retiro en Sèvres, Ramón Chao promoveu, coa axuda de varios galegos afincados en París (e tamén outros convencidos, como Jean-Claude Carrière e Jacek Wozniak) a reivindicación de Prisciliano a través dun proxecto que lanzamos inicialmente como “colectivo cultural”. Tras a súa reconciliación definitiva con Vilalba, en abril de 2011, decidiu que visitaría Galicia catro veces ao ano, unha por trimestre; deste xeito, comezamos a selección das persoas que hoxe integran a xunta directiva da asociación: catro socios fundadores, dez delegados en Galicia e outros dez representantes diplomáticos alén da nosa terra. O presidente de honra é Antoine Chao e a presidencia herética (a máis alta distinción) recae sobre Ignacio Ramonet, quen tamén exerce de embaixador plenipotenciario polo mundo adiante.

Quen máis forma parte dos órganos de goberno da entidade?

A vicepresidenta é Raquel Mallo, dinamizadora cultural en Val do Dubra; a secretaria xeral, Yolanda Novo, profesora especializada na obra de Alejo Carpentier; e como tesoureiro, Xavier Carro, histórico sindicalista do sector naval. As delegacións organizámolos en cinco

ciudades e cinco comarcas. En Compostela, Javier Mata está á fronte da nosa sede social, sita no barrio de San Lázaro; na Coruña, o músico Xurxo Souto; en Lugo, Gabriel Núñez Chao, sobriño de Ramón; en Ourense, Pepe Saburido, coñecido activista do asociacionismo; e en Pontevedra, Afonso Ribas, de Edicións Laiovento. No que se refire ás comarcas, temos a Fran Prego no Barbanza; a Manolo Maseda, na Mariña; a Pilar Maseda, na Terra Chá; a Iría F. Crespo, na Ribeira Sacra; e a Patri Testa, en Ferrolterra. E finalmente, están os representantes diplomáticos nas comunidades autónomas onde operamos e no estranxeiro. En Catalunya, Marta Pérez; en Euskadi, Peio Paz; en Cantabria, Baldo Ibioiruz; no Bierzo, Jesús Jato; e en Madrid, Miguel Barrera. Como embaixador en Francia, Jaime Chao; en Alemaña, Luis Soto; no Xapón, Tadashi Yamamoto; e en Estados Unidos, Kirmen Uribe. O bufón e provocador Leo Bassi é o noso embaixador en Italia, mais nestes intres atópase exiliado en España por unha serie de cuestións nas que agora non podo incidir, pero que explicaremos polo miúdo nos vindeiros meses.

Que leva a Ramón Chao a inspirarse na figura de Prisciliano?

Podemos dicir que a teima dos irmáns Chao con Prisciliano comezou en Vilalba. A súa figura foi o punto de encontro entre eles, tras un longo distanciamento que se pechou nos anos oitenta, cando comezan a estudar ao herexe, rematando coa edición dos seus respectivos libros en marzo de 1999. Xosé publica ‘Prisciliano, profeta contra o poder’ e dedícallo ao seu irmán: “Ao meu amigo Ramón Chao que, ademais, por ventureiras circunstancias xenéticas, resultame consanguíneo”. E Ramón saca do prelo ‘Prisciliano de Compostela’, editado posteriormente en galego

co título ‘O camiño de Prisciliano’. Reivindican así un símbolo necesario para a construción da identidade galega, que une de novo aos irmáns. Ambos escoitaran por vez primeira o nome de Prisciliano na fonda Chao de Vilalba, en boca do seu pai, que invocaba a autoridade de Unamuno contra o mito de Santiago Matamouros, cando afirmaba que “ningunha persoa culta, por moi católica que sexa, pode pensar que en Compostela están os restos de Santiago”.

Pero reivindican a Prisciliano dende ópticas diferentes...

Xosé faino dende unha perspectiva histórica e teolóxica. Na súa madurez intelectual, toma conciencia coa loita obreira en Ferrol, o que lle permite achegarse aos símbolos da identidade galega. Pepe é o verdadeiro impulsor da figura de Prisciliano en Galicia, creando escola cos seus amigos Bernardo García Cendán (ponte con Ramón en París e un dos fundadores do Instituto de Estudos Chairegos en Vilalba) e Alfonso Blanco Torrado (fundador da Asociación Cultural Xermolos en Guitiriz). Pola súa banda, Ramón entende a Prisciliano dende o eido cultural e alternativo, a través dunha peculiar peregrinación en motocicleta de París a Compostela, para coñecer a verdadeira historia da vida, da traxectoria e da morte do herexe. Durante esa viaxe coñece a diversas persoas que, cos seus relatos, van marcando a seguinte etapa do camiño. En realidade, trátase de dúas liñas paralelas: a da vida de Prisciliano e a da traxectoria persoal do autor. Hai un momento de inflexión: cando o seu fillo Manu recupera o instinto ao chegar a Compostela e alí crea o proxecto *A Feira das Mentiras*, como confesará anos despois nunha entrevista: “Cheguei a Galicia e o país enteiro curoume”.



Como vai a rodaxe do documental sobre Prisciliano?

Xa rematou, agora estamos a preparar a preestrea. Será no Instituto Cervantes de París, o vindeiro 23 de maio, coa presenza da familia e das principais amizades de Ramón. A peza foi dirixida por Aser Álvarez, de Arraianos Producións, e conta coa banda sonora de Manu Chao, gravada no concerto histórico que celebrou o pasado mes de setembro en Vilalba. O documental é unha especie de ‘road movie’ que percorre os camiños de Ramón e de Prisciliano en diversos vehículos, partindo de Tréveris e con paradas obrigadas en París, Vilalba e Compostela, poñendo en valor a importancia que para Galicia ten a figura histórica do primeiro decapitado pola Igrexa católica. Conta con versións en galego e en castelán e subtitúlase en francés para a preestrea. A nosa idea é dalo a coñecer despois en numerosos festivais.

Como foi a súa relación con Ramón Chao?

Moi especial, de fonda amizade e de gran aprendizaxe, para min foi un mestre do xornalismo e tamén

da vida. Coñecino con dezasete anos, a través do meu pai e os nosos camiños fóronse atopando dende entón. Idas e vidas: en Vilalba, Compostela, París, Madrid, Barcelona, Bilbao... Axudoume moito na miña traxectoria persoal e na miña carreira profesional. De todos os momentos compartidos, quedome coa satisfacción de acompañalo no seu reencontro con Vilalba, pechando así un círculo vital. Nunca esqueceré os seus xestos de emoción e de gratitude cando lle organizamos a homenaxe en 2015, coa inauguración do Piano Prisciliano no Paseo dos Soños e co seu nomeamento como presidente de honra de *A Voz de Vilalba*. Na nosa derradeira conversa, díxome: “Monchiño, quedánme moitas cousas por facer. Escribir unhas novelas sobre o papel da Terra Chá na forma de ser do galego, chegar a ter a graza de Cunqueiro e dar a coñecer en Galicia a figura de Prisciliano. Segue ti. É moi importante que teñamos una referencia moral dun galego histórico, e non de alguén que endexamais pisou a terra de Hispania e non se distinguiu en nada”.

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Vilalba Aberta aposta por unha aula de interpretación do liño

O Museo do Liño de Insua podería ser unha realidade despois de moitos anos de espera. Así o anunciou o candidato á Alcaldía de Vilalba Aberta, Modesto Renda, logo dunha visita ao local social das mulleres rurais de San Bartolomeu de Insua.

Acompañado dos membros da candidatura de VA Susana Pérez, Inés Poupariña e Zeus Seijo, o candidato deu a coñecer a “fórmula de financiamento” que defenderá no derradeiro Pleno da lexislatura, co fin de “facer xustiza histórica” co traballo da entidade ao redor da recuperación do proceso do liño e a la.

“Comprometémonos coas mulleres de Insua dende o rigor e a seriedade dunha proposta de convenio tripartito entre Concello, Deputación e Xunta”, explicou.

Renda, que puxo en valor o “esfuerzo e a perseveranza” da directiva da asociación para adquirir os “necesarios terreos”, instou a PSOE e PP a sumarse a unha “proposta de consenso” cuxa finalidade é “preservar, difundir e salvagardar o noso patrimonio inmaterial”.

Sandra Vázquez propón a creación dunhas xornadas literarias

A candidata do PP á alcaldía de Vilalba, Sandra Vázquez, propón a creación de xornadas literarias coas que poñer en valor aos autores vilalbeses e tamén aos da comarca da Terra Chá. Así o deu a coñecer na clausura dun acto cultural organizado polo Partido Popular de Vilalba que consistiu nunha perccorrido polo Paseo dos Soños dende o Muíño do Rañego á praia da Madalena ao que asistiron, entre outros, Valentín García Gómez e Daniel Chapela.

Trátase dunha das iniciativas no ámbito cultural que recollen os populares no programa electoral de cara ás eleccións do 28 de maio. A proposta recolle a divulgación nos centros educativos, nas redes sociais e tamén con actividades específicas na biblioteca municipal das obras de autores vilalbeses e de toda a comarca; porque “Vilalba é a capital da Terra Chá e tamén ten que ser a capital literaria da Terra Cha”, expuxo Vázquez.

O Paseo dos Soños foi unha iniciativa da asociación cultural



Xermolos e a Irmandade Manuel María que permite poñer en valor o noso patrimonio natural á beira do emblemático río Madalena ao mesmo tempo que se recoñece a figuras literarias da Terra Chá a través de esculturas que son verdadeiras obras de arte feitas tamén por canteiros, ferreiros ou artesáns da comarca. “Debemos sentirnos orgullosos de todos e todas elas e de moitas outras figuras relacionadas coa cultura e coa literatura que continuarán a protagonizar hectómetros literarios”, incidiu. Aproveitou tamén

para lembrar que “son moitas as figuras vilalbesas relevantes tamén noutros eidos que levan o nome do noso concello polo mundo”.

“O Partido Popular está orgulloso de Vilalba e dos vilalbeses”. Así, “aplaudimos esta iniciativa e queremos amosar o noso compromiso para estudar outras propostas culturais que xurdan dende as entidades asociativas”, continuou. De feito, “estamos a construír un proxecto que ten en conta as achegas dos veciños e tamén das asociacións e colectivos porque entre todos construímos Vilalba”.

Vilalba celebra o 15 e 16 unha feira de oportunidades



Vilalba volverá contar a próxima fin de semana coa Feira de Oportunidades, na súa V edición, que se prolongará sábado e domingo na praza da Constitución organizada pola Asociación de Empresarios Sete Pontes. O horario da feira será de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas e os visitantes poderán atopar na mesma importantes descontos nos produtos dos comercios participantes.

Nesta feira das oportunidades estarán presentes As Nubes Moda, Cárber Moda, Grupo MEF, Lanas y Corsetería Pingüín, Luis Castro, Maymar, O Gato con Botas, Retoños, Rótulos RM, Texas e Zokos.

Abre o prazo para inscribirse nos campamentos urbanos de verán

Ata o día 21 esta aberto o prazo de inscrición nos Campamentos Urbanos de Verán 2023. Haberá dúas quendas, a primeira do 3 ao 28 de xullo, e a segunda do 31 de xullo ao 25 de agosto. Cada unha contará con 40 prazas e os interesados pódense inscribir en ambas, sempre indicando unha delas como preferente.

A convocatoria vai dirixida aos nenos e nenas con idades entre os 5 e 12

anos (nados entre o 2018 e 2011). O procedemento de inscrición será a través da sede electrónica do Concello ou presencialmente no rexistro. O servizo prestarase con actividades de ocio e primaranse os espazos ao aire libre en horario de 9.00 a 14.00 horas. O custe será de 90 euros por quenda para cada un dos nenos ou nenas empadroados; 180 € para os non empadroados.



PEÑA CELTISTA. Ubaldo Ladra Cabarcos vén de ser escollido como novo presidente da Peña Excursionista Celtista de Vilalba, fundada o 6 de xuño de 1969. O colectivo conta con 139 socios, 115 numerarios, 11 fundadores e 13 xuvenís. Ubaldo Ladra Cabarcos substitúe así a Julio Guntín Curras, que pasa a ser vicepresidente. Tesoureiro queda Javier Balseiro Corbelle e como secretario estará Julio Guntín Vázquez. Os vogais son Juan José Pumares Gómez; Marta Pumares Guntín, Purificación Guntín Vázquez, Julia Guntín Vázquez e José María Ínsua Miragaya.



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

Carmela Franco liderará o BNG



A Asemblea Local vén de aprobar o conxunto de nomes que compoñen os 13 primeiros postos da listaxe coa que concorrirá o BNG das Pontes ás eleccións locais do próximo 28 de maio. Carmela Franco, proclamada oficialmente candidata á alcaldía, foi a encargada de presentar a todas esas persoas que constitúen “unha representación clara da diversidade da sociedade pontesa”.

Carmela Franco deu a coñecer a proposta do Consello Local nunha Asemblea multitudinaria que se desenvolveu entre aplausos, froito do entusiasmo e da ilusión que xera unha das listaxes máis ambiciosas das que se teñen feito co obxectivo de acadar o goberno local.

Ademais da propia Carmela Franco, como cabeza de lista, séguena nos primeiros postos Kiko da Silva e Chus Romero, que teñen acreditada experiencia e solvencia do seu bo traballo municipal, e tres perfís novos como Diego Balsa, Emma Lamas e Daniel Balseiro.

Completan a lista, ata o 13º posto, María Trastoy, Iago Foxo, Paula Carballo, Iván Alén, Femi Anidos, Alba García e pecha a candidatura o histórico Fermín Paz.

O responsable local, Nicolás Pena, indicou que a constitución da lista precede un “arduo traballo de busca dos perfís máis axeitados para mobilizar a veciñanza, recoñecendo o traballo militante e incorporando persoas independentes e recoñecidos do ámbito social, deportivo e cultural”.

As Pontes será en setembro sede do Foro Internacional de industria e renovables

As Pontes converterase en sede internacional do Foro Internacional de Industria, Enerxías Renovables e Investimento, un evento que converterá ao municipio no epicentro da innovación, o investimento e o desenvolvemento estratéxico nestes campos nos que o municipio levou a cabo unha aposta decidida pola súa diversificación produtiva.

A concelleira de Industria, Ana Pena, sinala que “desde o goberno municipal entendemos que debemos aproveitar as ferramentas á nosa disposición para apoiar ao tecido empresarial local e promocionar as oportunidades que poden xerar os nosos recursos naturais e potenciais para a atracción de novas industrias que promovan economía e emprego nun territorio que é o primeiro enclave produtor de enerxía do país. Este foro ofrece unha nova canle de difusión para a atracción de investimento que non queremos desaproveitar”.

O evento, enmarcado na participa-



ción das Pontes na Rede Business Market, permitirá a conexión do territorio con referentes do campo da innovación e o investimento industrial así como con firmas de referencia no campo da sustentabilidade e a loxística que durante os días 27,28 e 29 de setembro participarán nun programa aberto e transversal ao tecido económico local, rexional e nacional.

Entre as actividades previstas destacan conferencias, mesas redondas, paneis de presentación de proxectos industriais, sostibles e innovadores

ou roldas de negocio, alianzas comerciais e financiamento.

O foro, contará coa inauguración do Presidente da Rede Internacional de Agrupamentos Industriais, Loxísticos e Innovadores e á súa vez Presidente da Asociación de Parques Industriais da Arxentina, Rodolfo Games, e no mesmo contarase coa invitación a organizacións empresariais como a Camacol Cámaras de Comercio e Industria Latinas en EEUU ou AEM-PYMES Asociación de Emprendedores e Pemes con presenza en EEUU, México, Ecuador e España.

Poñen en marcha un servizo de transporte público municipal

O Concello porá en marcha, a finais de ano, un servizo de transporte público municipal que conectará todas as parroquias co centro urbano a través de tres liñas regulares e un servizo baixo demanda.

O servizo, que será gratis para toda a veciñanza empadroada no municipio, contará con tres liñas, unha liña circular unirá o Chamoselo co Lago, terá 8 servizos diarios e cubrirá un total de 26 paradas, estando operativo todos os días do ano. Outra liña circular, que operará todos os días do ano, unirá A Cuíña co Lago, contará con 19 paradas e realizará 8 servizos

ao día.

A terceira liña regular que inclúe o servizo de transporte público municipal operará só os días lectivos e unirá o municipio cos centros educativos, tanto nos horarios de entrada como de saída aos mesmos, a través de 10 paradas, conectando tamén o Centro de Saúde.

Estes servizos completaranse cun servizo a demanda, para as parroquias, que deberá ser solicitado con 48 horas de antelación e que dará cobertura a todos aqueles servizos, tanto en horario de mañá como de tarde, que na actualidade

de non cubre o plan de transporte público da Xunta de Galicia.

Así mesmo, este novo servizo municipal ofrecerá servizos especiais para datas sinaladas no calendario de actividades culturais, deportivas e sociais das Pontes como poden ser o Día de Defuntos, a Feira do Queixo e a Mel de Goente, a festa de San Vicente de Pontoibo ou as feiras gastronómicas, entre outras. Tamén está previsto que este novo servizo inclúa desprazamentos, durante días non lectivos, a lugares de interese cultural e patrimonial dirixidos a diferentes colectivos e entidades do municipio.

Sentury Tire dará prioridade aos ex traballadores da central no emprego

O alcalde, Valentín González Formoso, e Qin Long, presidente da empresa Century Tire, asinaron un acordo polo que a compañía se compromete a dar preferencia na contratación aos traballadores e traballadoras afectadas polo peche da Central Térmica das Pontes, tanto das compañías auxiliares como aos transportistas do cabrón, e a darlles prioridade en todas as accións formativas encamiñadas á selección de persoal.

O rexedor local subliñou a importancia deste acordo para a vila, agradecendo ao presidente da compañía “a súa sensibilidade e compromiso cos traballadores, do municipio e da comarca, afectados polo peche da central de carbón”.

“Trátase dunha gran noticia para unha vila acostumada a recibir grandes proxectos industriais que vai facer que As Pontes se converta nun motor industrial. Iremos contar coa primeira fábrica de pneumáticos de Galicia e cunha das poucas de España que, xunto co proxecto da bioplanta de Ence e da planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP Renovables, vai permitir reactivar o porto de Ferrol e facer que As Pontes sexa un enclave estratéxico de Galicia”.

Durante o encontro, o presidente da compañía, Qin Long avanzou que o inicio das obras da planta está previsto para o mes de setembro e o alcalde reiterou o compromiso e a total disposición do Concello das Pontes para “facilitar a implantación da empresa na vila, prestando a súa colaboración nas accións encamiñadas á habilitación do persoal e dándolle prioridade a tramitación de todas as autorizacións e permisos que sexan precisos para reducir os tempos o máximo posible”.

O presidente de Century Tire realizou unha vista a Seara, acompañado polo alcalde das Pontes, o presidente de Seara, José Castro, a presidenta de Cohempo (Montse Gastelu) e membros da corporación local.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA
REVUELTOS DE BARFIL ALCO PÍCAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD PENSALADAS
PASTAS RAXO PATATAS SABOREAR TORTILLAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

28 - 30 ABRIL 2023

FIV

VILALBA - LUGO



LORI MEYERS
LA CASA AZUL
SIDONIE SIDECARS
DELAPORTE CARLANGAS
MOURA HICKEYS
 BANDA DE MÚSICA DE VILALBA
 LOS MALINCHES BERTA FRANKLIN
 AKKAN OCHOYMEDIO DJS JUS KNO'
 A GRAMOLA GOMINOLA (FIV KIDS)

FIVDEVILALBA.COM



Concello de Vilalba



Concello de LUGO



IBRA



Grupo ESTREPIÑARES



GADIS



Vilalba

Día do libro
V Certame de
Microrrelatos

envío de traballos a
comunicacion@vilalba.es

remate prazo de envío:
21 de abril de 2023

máis información:
www.vilalba.gal
www.culturaliagz.com
 e nas súas respectivas RRSS

Concello de Vilalba



O Concello presenta o programa do festival Sons da Bocanoite

O Concello das Pontes presentou a cuarta edición do festival musical Sons de Bocanoite, que se celebrará o sábado 1 de xullo na Carballeira da Fraga.

Trátase dunha das citas culturais máis importantes do verán na vila e incluírá tres concertos vespertinos, unha sesión vermú e un fin de festa que encherá de estilos musicais diversos a Fraga e o centro urbano.

Vicente Roca, concelleiro de Cultura, apunta que "Son da Bocanoite é un festival moi especial, naceu en plena pandemia co obxectivo de dinamizar o sector comercial da vila e darlle unha oportunidade ás formacións musicais emerxentes. Co paso do tempo estase a converter nunha cita ineludible para as persoas amantes das cancións de autor e da mestizaxe de ritmos, un punto de encontro para gozar de cantantes e grupos novos que están chamados a ocupar un lugar destacado dentro de actual panorama musical."

Os artistas desta nova cita do Sons da Bocanoite poñerán en escena diferentes estilos musicais, desde o pop máis elegante e cercano de Georgina, a canción de autor de Muerdo, pasando pola rumba o el reggae de Rupatrupa, ou mesmo os mellores bailes da man de La Duendeneta.

O úblico poderá gozar da cuarta edición do Sons da Bocanoite desde o mediodía no centro da vila cunha sesión vermú a cargo de La Duendeneta para dinamizar o sector hostaleiro da vila e pola tarde, a programación cultural moverase á carballeira da Fraga a partir das 19.30 horas con acceso gratuito.

Unha proposta musical moi diversa Trala pausa por maternidade, Georgina regresa aos escenarios para ofrecer un directo, no que presentará as cancións que formarán parte do seu próximo disco e onde tampouco faltarán os seus grandes



éxitos. En definitiva, un concerto deseñado para gozar e repasar a carreira musical dunha das voces máis elegantes e doces do panorama musical actual.

Muerdo (alter-ego musical do murciano Paskual Kantero) é un dos representantes máis importantes da nova xeración da canción de autor en España, xunto a artistas como Rozalén ou El Kanka. Nesta ocasión a súa música rodéase dunha potente banda multicultural para levar as cancións aos sons urbanos e a mestizaxe cos folclores mediterráneo e latino. Compaxina así a intimidade ou a profundidade humana e social do seu pensamento coa incitación ao baile propia da música máis popular.

Rupatrupa, proxecto afincado en Tenerife chega a As Pontes co formato que o viu nacer. Un formato versátil e con enerxía que che convida a bailar, pero sen deixar de lado a esencia máis íntima do repertorio.

La Duendeneta xa é a primeira, única e auténtica discoteca móbil vintage do mercado. Habilitada nunha furgoneta Avia do 74 e dotada co último en tecnoloxía profesional. Música, iluminación, orixinalidade e enerxía que fan que non decaia a festa e o baile en ningún momento.

Vinte locais ponteses súmanse ao proxecto Hostelería #porelclima

A hostalaría pontesa vense de sumar á iniciativa Hostelería #PorElClima, un proxecto que promove a sustentabilidade e as accións para a loita contra o cambio climático dentro do sector hostaleiro a través da aplicación de diferentes accións que lles permitan aos establecementos adheridos se máis sostibles, reducir a pegada ambiental e contribuír, deste xeito, a frear o cambio climático.

Así, son xa 21 os establecementos ponteses adheridos a esta iniciativa desenvolta por Ecodes e Coca-Cola, coa colaboración de Hostalaría de España e, nas Pontes, coa colaboración do Concello e de Cohempo e identificáronse 325 accións que serán o punto de partida para promover a loita contra o cambio climático e que pasan polo aforro de auga, a eficiencia enerxética, a mobilidade sostible, a pegada de carbono, o consumo responsable e a correcta xestión dos refugallo.

Hostelería #PorElClima naceu en



2017, tras o chamamento mundial do Acordo de París para adoptar medidas que contribúen a frear a emerxencia climática. Constitúe unha plataforma virtual que axunta á comunidade de establecementos de hostalaría que decidiron comprometerse coa sociedade, coa nosa contorna e cun futuro mellor; forma parte da Comunidade #PorElClima e está desenvolvida por Ecodes, coa colaboración estratéxica e o impulso de Coca-Cola e o apoio de Hosta-

lería de España.

O proxecto facilita, cun enfoque positivo centrado nas solucións, que as empresas de hostalaría súmense á loita contra o cambio climático e fagan a transición cara a unha economía baixa en carbono contribuíndo a implementar con ambición os obxectivos do Acordo de París.

Desde que se puxo en marcha hai cinco anos, un total de 3.500 establecementos adheríronse á iniciativa, desenvolvendo máis de 52.000 accións polo clima.

En exposición pública o proxecto da planta de hidróxeno verde

O proxecto da futura planta de hidróxeno verde promovida pola murgadesa Reganosa e a portuguesa EDP e que se asentará na vila das Pontes entrou en fase de exposición e consulta. Así se recolle na publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), onde se figura a súa solicitude de autorización ambiental integrada, o seu estudo de impacto, a súa declaración de utilidade e a documentación do proxecto en si.

Este trámite, esencial para a consecución da proposta, supón a apertura dun prazo de 30 días hábiles para o estudo da iniciativa polas partes interesadas e, consecuentemente, para a presentación de alegacións e observacións á mesma. De igual modo, desde a administración auto-

nómica lembrouse que o complexo, bautizado como H2Pole, foi declarado o pasado mes de setembro polo Consello da Xunta como Proxecto Industrial Estratéxico; unha denominación que facilita e axiliza a tramitación desta clase de propostas –salvo na presentación de solicitudes e recursos– ao amparo da Lei de simplificación administrativa de Galicia.

De igual forma, desde a Consellería de Economía incidíuse en que, unha vez estea marcha o proxecto ao completo, xeraranse na área sobre un centenar de postos de traballo, entre directos e indirectos. A iniciativa, como reflicte o documento do DOG, supoñerá un investimento total –en termos materiais– de 156.174.308 euros.

Pecha a inscrición para a escola infantil

Esta aberto o prazo de solicitude de matrícula para o curso 2023-2024 na Escola Infantil Municipal A Barosa.

As solicitudes, xunto coa documentación xustificativa, poderán presentarse, ata o 17 de abril, no Rexistro Municipal, con cita previa, chamando ao 667 129 380 ou ao 667 129 389, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas ou a través da sede electrónica municipal.

Para aquelas familias que non dispoñan dos medios telemáticos necesarios os impresos de solicitude estarán á súa disposición nas instalacións da escola A Barosa. As prazas de novo ingreso asignaranse con preferencia a solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro. As restantes atendendo á puntuación obtida a través da Comisión de baremación.



Ponse en marcha a IV edición do Programa Integrado de Emprego

As Pontes pon en marcha unha nova edición do Programa Integrado de Emprego, en colaboración cos Concellos de a Capela e As Somozas.

O Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes, cunha duración de 12 meses, ten como obxectivo prioritario, en palabras de Ana Pena, concellería responsable da área, “mellorar a ocupabilidade e inserción laboral dos veciños con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral”.

A concelleira tamén subliñou que “volvemos a apostar por este programa ante os resultados que arroxoaron as anteriores edicións que permitiron a formalización de 162 contratos de traballo, 44 durante o programa do ano 2017-2018, 56 durante a edición do ano 2019, ex-

clusiva para mulleres, e 62 contratos durante o programa 2019-2021 que tivo que ser prorrogado por mor da pandemia”.

Nesta nova edición participan 100 homes e mulleres desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral; persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos con baixa cualificación, menores de 30 anos con cualificación así como desempregados e desempregadas de longa duración e percetores/as de prestacións. Todas as persoas que participen no Programa Integrado de Emprego terán dereito a percibir unha bolsa de 7 euros por día de asistencia ás accións do programa e así mesmo o programa conta con

medidas de conciliación da vida laboral e familiar.

O PIE, cun obxectivo de inserción laboral que se sitúa no 42%, inclúe un amplo abano de accións informativas, asesoramento, orientación laboral, de carácter individual, e un conxunto de sesións grupais organizadas entorno a adquisición de coñecementos sobre elaboración de currículum vitae, cartas de presentación, entrevistas de traballo así como habilidades sociolaborais e clases de coaching, intelixencia emocional e motivación laboral e mobilidade laboral, entre outras.

Ao mesmo tempo, o alumnado adquirirá competencias profesionais demandadas polo tecido industrial da contorna a través de cursos e obradoiros, con práctica laboral.

A localidade inaugura o centro expositivo da maquinaria mineira

Xa está aberto o Centro Expositivo da Maquinaria Mineira das Pontes (CEMAM), un espazo, asentado na antiga escola de Saa, que acolle unha exposición permanente sobre a maquinaria empregada na extracción de carbón nas Pontes e no que, a través de velas fotografías, maquetas de maquinaria e imaxes audiovisuais, o público visitante poderá coñecer as infraestruturas e equipamentos vencellados á actividade mineira, así como á implantación de novos modos de vida e traballo e a súa pegada no territorio.

O CEMAM acolle unha mostra da colección maquetística de 70 réplicas propiedade de Manuel Barro García, antigo traballador da mina das



Pontes, que foi quen de recrear en miniatura moitas das máquinas que pasaron polas súas mans, así como outras anteriores, e que tivo como resultado, de dúcias de horas de investigación e traballo, as alfaias que desde o día 30 de marzo se poderán

ver neste novo espazo expositivo. Unha exposición para viaxar tamén no tempo a través da ollada fotográfica do escritor e xornalista Ramón Loureiro Calvo que na década de 1990 convertía en luz o carbón a través da súa Leica M6.

As Pontes traballa nun plan para crear infraestruturas verdes



O Concello das Pontes traballa na elaboración dun Plan de Infraestruturas Verdes, unha folla de ruta que marcará a planificación urbana medioambiental e paisaxística da vila co obxectivo de mellorar os espazos verdes do municipio.

Un planeamento que “incluírá estratexias e propostas de acción no que respecta ás zonas verdes do municipio para avanzar cara unha vila que concilie a defensa e a protección de todos os ecosistemas presentes no municipio co desenvolvemento do tecido económico” apuntan desde o goberno local.

Este documento, que servirá de referencia para unha xestión máis racional e unha mellor planificación das infraestruturas verdes ten entre os seus principais fins lograr xerar un equilibrio entre o espazo habitado e a súa contorna natural, sen oposición, promover espazos verdes como motor dunha economía sustentable, atraendo turismo de natureza, deporte e aventura e enriquecendo a paisaxe agraria, coa colaboración e implicación da veciñanza.

A realización deste Plan de Infraestruturas verdes implicará a análise de diferentes aspectos como os

elementos vexetais existentes, o solo, a rede hidrolóxica, a rede de drenaxe, os elementos de obra civil e equipamento, a accesibilidade ou a mobilidade para, a partir dos resultados, establecer obxectivos, estratexias e cronogramas de actuacións sobre as zonas verdes que compoñen a infraestrutura verde municipal nas que se terán en conta tanto as cuestións técnicas como ecolóxicas, paisaxísticas, estéticas, históricas, patrimoniais, funcionais así como as necesidades da fauna para mellorar os espazos verdes e favorecer o seu papel protagonista no desenvolvemento da vila.

Para a elaboración de dito plan, no que se inclúe a biodiversidade dentro da planificación estratéxica da infraestrutura verde, teranse en conta tamén aspectos como a sustentabilidade, a conectividade co fin de aumentar a conexión dos espazos verdes coas áreas naturais (Fragas do Eume, Serras do Xistral e da Faladora) e cos concellos veciños, o cambio climático para, deste xeito contribuír desde o municipio a mitigar os seus efectos e poder contar unha masa vexetal capaz de absorber a maior cantidade posible de emisión de auga.



MOBELRIAS

Descobre as novidades na tenda



PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



ebos

Rúa Campo de Punte 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce



“As Pontes está no punto de mira de moitos proxectos industriais”

Valentín González Formoso, alcalde e presidente da Deputación da Coruña

A pregunta é obrigada? Despois de moito debater volve presentarse este ano malia as voces que din que acumula moitos cargos?

Hai que aproveitar para explicarlle á cidadanía que para ser presidente da Deputación, hai que ser concelleiro ou alcalde, eses cargos son ineludiblemente obrigados. A parte orgánica do partido xa é outra cuestión distinta, e como pensar que Pedro Sanchez, que é presidente do Goberno de España, acumula moitos cargos por ser tamén secretario xeral do partido socialista. Creo que eu que é bastante máis difícil as responsabilidades que ten el que as que me toca levar a min, non sendo estas doadas. Pero en calquera caso, eu creo que, primeiro enriquece moito os dous mundos. Eu creo que o municipal e o autonómico é imprescindible que teñan vasos comunicantes permanentes, un deles agora mesmo son eu. Hai outras persoas, pero un deles son eu. Se fai unha mellor política autonómica cando se coñece a realidade municipal, que é onde se aplica a lexislación que realmente se dirixe ás persoas e ás veces esa falta de comunicación fai que se aproben leis que son de competencia autonómica pero de aplicación nos concellos para os cales non se prevé nin solución práctica nin tampouco financiación, descoñecendo cal é a realidade da capacidade e recursos dos concellos de Galicia. Polo tanto eu creo que esta intercomunicación eu a percibo como moi enriquecedora. En segundo lugar hai un compoñente de delegación nos equipos das institucións nas que traballo, polo tanto eu creo que nese sentido temos construído unha moi boa equipa polo tanto imos continuar facendo o que estivemos a facer ata o de agora que é compaxinar precisamente esas dúas responsabilidades.

Fáganos un balance da lexislatura que está rematando.

O balance ten moito que ver cunha lexislatura moi convulsa, coa solicitude de peche por parte de Endesa da central térmica, unha instalación que ten unha presenza moi importante na vida, non só das Pontes, senón de toda a comarca e polo tanto supuxo unha situación moi convulsa socialmente, coa xeración de incertidumes de todo tipo.

A cuestión é que se formulou non

como unha decisión transicionada senón como unha decisión de súperto, dado que se estaba transformado a central, facendo unha inversión multimillonaria para adaptala á normativa europea de emisións co cal nada facía prever que ocorrera o que ocorreu. Polo que esta lexislatura veu moi marcada por esa decisión que nos obrigou a estar moi atentos ás liñas de transición xusta, á redacción do convenio de transición ecolóxica co Ministerio e despois a mobilizar Roma con Santiago na busca, na facilitación e na captación de proxectos industriais na nosa vila, grandes, pequenos e medianos, non renunciando a ningún proxecto por pequeno que fora nin pechando portas a ningún proxecto por grande que parecera. Eu creo que esas son as dúas grandes liñas sen esquecer esa continuidade da revolución urbanística nun concello ben descoñecido para aqueles que se foron da nosa vila hai 20 anos e que hoxe volven e atopan unha vila que aposta pola accesibilidade, o deseño urbano, que ten practicamente todas as rúas remodeladas, que está remodelando todos os seus equipamentos e practicamente non queda ningún por facer, o último precisamente se está a facer agora mesmo que é a praza de América. Polo tanto aceleramos enormemente a inversión, podemos falar que este mesmo ano imos investir 12 millóns de euros en obra pública que está moi por riba da media doutros concellos, xa non do noso estrato de poboación senón de algún nun estrato superior.

De que proxecto se sente máis orgulloso?

Eu creo que de ser capaces de facer que o pobo, primeiro deixara a división que tivo noutros tempos, unha división política que facía irrespirable o ambiente do pobo, fai 18 anos. E por outra parte o novo modelo urbanístico que fixo que As Pontes por fin, podemos dicir, que é un pobo bonito. Máis alá de que o urbanismo construtivo é máis difícil de resolver o urbanismo dos espazos públicos é un urbanismo exemplar, moi difícil de encontrar en ningún ensanche ou casco urbano. O casco urbano das Pontes é, desde o punto de vista de espazos públicos, de vías, de prazas públicas, de equipamentos e de edificios, un concello exemplar. Polo

tanto eu creo que eses dous proxectos marcaron o noso goberno.

Pechou Endesa, pero a industria segue crescendo.

Si, a verdade é que As Pontes, como levamos dicindo moitos anos, conta con moitas características que a fan un destino moi apetecible para a industria pesada. Primeiro é a mentalidade industrial que ten a vila, que acolle calquera proxecto de carácter industrial cos brazos abertos. A segunda, a formación persoal da sociedade pontesa, que ten un forte arraigo coa industria a nivel formativo. Terceiro, a dispoñibilidade de elementos tan esenciais como a abundancia de auga crúa para procesos industriais, temos tres embalses, e un deles, o lago, con máis de seiscientos hectómetros cúbicos, polo tanto é unha potencialidade enorme para abastecer a moitos proxectos industriais.

Por outra parte, temos capacidade de subministro enerxético dabondo, estamos próximos a unha instalación estratéxica como é o porto exterior de Ferrol, que nos conecta coas grandes rutas marítimas comerciais do mundo, e por autovía. Tamén estamos preto de centros educativos, primeiro de formación profesional da nosa vila pero tamén de centros universitarios técnicos como a escola de enxeñeiros navais ou a escola de enxeñeiros industriais do propio Ferrol. Polo tanto, creo que esas potencialidades fan que As Pontes esté agora mesmo no punto de mira de moitos proxectos industriais que son ademais en sectores estratéxicos de Galicia como o forestal, automóbil, enerxético, nos combustibles verdes e polo tanto a verdade é que dá gusto contar con eses sectores e agora a nosa preocupación é que se concreten todos da mellor maneira posible, da maneira mas áxil para facilitar a implantación aos promotores.

Fíxose tamén unha aposta forte polo turismo, co lago como centro de ocio. Supoño que é un valor importante para impulsar o turismo?

Era un aspecto ao cal viviamos alleos nas Pontes, eramos un pobo netamente industrial despois de abandonar en boa medida o mundo agrícola a pesar de que tiñamos e temos dúascentas explotacións agrícolas pero non son do calado das que se poden atopar nas zonas agrarias e gandeiras de Galicia. O turismo pasaba exactamente igual, era unha vila que tiña totalmente abandonada esa faceta. Creo que o lago obrigáanos precisamente a explotar esa faceta, a que serva tamén de piar para os servizos da nosa vila, para o sector da restauración e da hostalaría e ir ofertando o lago como espazo



lúdico, espazo deportivo, que creo que vai el mesmo buscando a súa propia vida, a súa propia dinámica contando para moitas disciplinas deportivas e loxicamente coa anuencia e a implicación do Concello.

Como se fai para unha vida cultural que non ten nada que envexar a cidade e capitais de provincia?

Ata temos cine comercial, estréase o cine ao mesmo tempo que na Gran Vía. A verdade é que temos a sorte de ter unha vida cultural importante e unha esixencia da sociedade pontesa. Temos unha boa equipa en cultura e agora mesmo penso que somos referencia no ámbito cultural e deportivo en moitas zonas de Galicia. Co cal para nós é unha das bandeiras do traballo, a protección social e a da cultura son as bandeiras nas que nos facemos máis fincapé. No tema social, estanse a desenvolver distintos programas sociais, bastante pioneiros nalgúns casos. No

están a facelo ben, nós adherímonos a moitos programas da Deputación e da Xunta neste eido, colaboramos con colectivos que teñen que ver coa igualdade e polo tanto é unha constante que non abandonamos nin imos abandonar nunca.

Que necesidade ten o concello a día de hoxe?

A primeira de todas é xa industrial. As Pontes eu creo que é moi maltratada nese senso por parte da Xunta. Creo que hai concellos con chan industrial desenvolvido por parte da Xunta pero o concello das Pontes non ten nin un só metro. Todo foi feito con fondos mineiros, fondos de Endesa ou fondos propios, pero nunca tivemos a sorte de que a Xunta fora xusta coas Pontes e a dotara con infraestruturas decentes. As estradas que se fixeron nas Pontes, incluída a autovía está financiada con fondos mineiros que lle correspondían ás Pontes por ter mina, pero as infraestruturas de acceso, dende Cabanas, Ortigueira, están feitas con fondos mineiros o cal non deixa de ser unha auténtica inxustiza e por iso reclamamos mellores accesos ás pontes, concretamente un mellor acceso, que sería a estrada 641 das Pontes a Cabanas, que se convertera nun corredor desdoblado que nos permitira, sobre todo ante o *maremagnum* de proxectos industriais que se avencían, ter unha conexión co aeroporto e conexión con Coruña que sexa moitísimo máis moderna.

E nada máis?

Podería dicir que hai residencias de anciáns públicas en moitos sitios e nas Pontes non, por exemplo. En Vilalba hai polígono industrial, feito pola Xunta, a autovía tamén pasa por Vilalba feito pola Xunta de Galicia con fondos propios, nas Pontes como había fondos mineiros, que se apañen, nós pagamos impostos como os demais.

Cales son os proxectos de cara ao futuro?

Primeiro o desenvolvemento de chan industrial, a continuidade en todo o que ten que ver co desenvolvemento urbanístico da vila, a aprobación do Plan Xeral, pensando sobre todo no rural, e adoptar unha solución respecto aos maiores en canto a algunha cobertura no ámbito residencial.

“As Pontes foi moi maltratada en investimentos pola Xunta, xa que non desenvolveu na vila nin un só metro de chan industrial”

ámbito da igualdade, da protección da igualdade efectiva entre homes e mulleres, na conciliación familiar, na protección das vítimas de violencia de xénero nos fomos os primeiros en adherirnos ao sistema VioGen de protección ás vítimas, fomos os primeiros en facer programas de educación familiar, de educación en valores cívicos. Para nós a sensibilidade nesa área é unha aposta por unha sociedade mellor, eu creo que non hai mellor educación a un fillo ou unha filla precisamente que eses valores queden integrados no seu ser dende moi pequeno. Eu creo que temos que falar diso permanentemente, falar facendo pedagogía de que significa apostar por eles e, polo tanto, no concello de forma transversal dende o departamento de igualdade, as políticas de igualdade están pensadas, copiamos moito onde



limbo tour

limbo

29 abril
**AS PONTES
A CORUÑA**
Auditorio M. Cine Alovi

Apertura de puertas: 19:00h
Concierto: 19:30h

Venda entradas: <https://aspontes.sacatuentrada.es/>
e na billeteira do auditorio: O día do concerto a partir das 18.30h.



Convocada unha nova edición da Festa da Filloa para o 1 de maio

Vén de convocarse a nova edición do da Festa da Filloa, organizada pola Asociación de Empresarios de Muimenta, a través das comisións da Moexmu. Un ano máis, esta festa, de Interese Turístico de Galicia terá lugar o día 1 de maio no recinto feiral de Muimenta. Co programa aínda sen presentar xa se sabe que animará a xornada o grupo De Vacas e que as filloeiras volverán ser as grandes protagonistas.

Desde que se comenzara a organizar a Festa da Filloa, colaboraron desinteresadamente, xa non só os veciños de Muimenta, senón tamén os dos pobos limítrofes, alcanzando case os douscentos colaboradores, que durante toda a xornada realizan filloas, churrasco, queimada, café e atenden

á xente que se acerca ese día a xantar ata a vila.

CONCURSO. Xunto a festa convocouse tamén o concurso de debuxo e relato-Filloa 2023, no que están invitados a participar os diferentes centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca da Terra Chá, sobre vinte e cinco.

Nesta edición, á XXIII do concurso, os nenos terán que facer os seus traballos sobre A Festa da Filloa. Os traballos gañadores serán expostos durante a celebración de dita festa gastronómica, e os galardonados recibirán os seus premios despois do pregón da Festa o vindeiro primeiro de maio.

Espérase contar, como ven sendo

habitual dende o ano 2010 (data de sinatura do convenio de colaboración), cunha colaboración por parte da Universidade de Santiago de Compostela, que será entregado a un dos dezaseis premiados, premios nos que tamén se espera contar coa colaboración do Concello de Cospeito, da Deputación Provincial de Lugo, da Delegación de Xunta de Galicia e as entidades Abanca, Caixa Bank e Sabadell Gallego, como ven sendo habitual nas últimas edicións.

Igualmente, o vindeiro 28 de abril, a comisión está organizando unha viaxe ao programa Luar para a promoción da XXXII edición da Festa da Filloa de Muimenta. Quen desexe ir de público debe apuntarse na Mercería Teresa de Muimenta.

Goá está de festa os días 22 e 23 de abril

A localidade de Goá celebra a fin de semana do 22 e 23 de abril as súas festas patronais, na honra a San Jorge.

As celebracións darán comezo o sábado, ás 13.30 horas, coa celebración da misa solemne seguida da procesión e a sesión vermú, que estará a cargo de Miramar.

Este mesmo grupo amenizará a verbena xunto ao grupo Beatriz.

O domingo repetirase o programa con misa e procesión á mesma hora, seguida da sesión vermú, que estará a cargo de Los Españoles. Pola noite o grupo volverá tocar na verbena.

A organización lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

Muimenta acolle un festival infantil polo Día do Neno

A Anpa A Granda de Muimenta organiza un festival infantil con motivo do Día do Neno, que terá lugar o 15 de abril, ás 18.00 horas na casa da cultura.

A festa comezará con actuacións musicais que estará a cargo dos grupos de baile de música Asubiños 1, 2, 3 e 4 e das pandereteiras de Muimenta, acompañadas pola Banda da Troula. Como complemento da xornada está prevista a actuación do Mago Roberto Lolo co título Mira el Coyote.

Na organización do festival colaboran as mulleres rurais Cousas Nosas, o Concello de Cospeito e o grupo Asubiños da Chaira.

Remata a XXXIX edición da Moexmu cun novo éxito de público



Un ano máis Muimenta volveu ser esta fin de semana a capital do agro coa celebración da Moexmu, a feira multisectorial que chegou á súa XXXIX edición da Mostra Exposición, o XXXVII Concurso de Gando de Raza Rubia Galega e a XXVII Poxa de Gando Selecto.

Novamente, a localidade quedouse pequena para acoller o gran número de visitantes que tivo a feira nas súas diferentes actividades. Novamente o gando, a maquinaria agrícola e gandeira, así como a artesanía centraron o programa durante as tres xornadas nas que se celebrou.

No apartado dos concursos, a Gandería Rey de Miñotelo volveu monopolizar o Concurso de Gando da Moexmu. A explotación da Pastoriza gañou 16 das 22 seccións

do concurso, incluídas Vaca Gran Campiona e Xovenca Gran Campiona, mellor criador de vacas e xovencas e animal con mellor ubre.

A Vaca Gran Campiona foi Rey 814 Beemer Yuri, que se fixo tamén co premio á vaca con mellor ubre do concurso.

Pol Collell, xuíz do certame da Moexmu, destacou o grande nivel dos animais participantes, o traballo dos seus criadores e a profesionalidade dos gandeiros galegos.

A poxa de gando selecto que se leva a cabo dentro do programa da Moexmu incluíu este ano 9 animais, 5 vacas paridas e catro xovencas preñadas, pertencentes a 8 ganderías da provincia de Lugo. Vendéronse todos os exemplares presentados, acadando un prezo medio de 2.883 euros.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

Refingoi, Vilalba
Casa rural | 2 Dorm | 1 Baño | 97m² 30.000€
En la parroquia de Codesido, barrio de Refingoi, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar, lista para vivir. Dispone de dos dormitorios, sala, cocina y un baño. A maiores tiene un garaje, un alpendre y un terreno de 578 metros cuadrados.

Carrizo s/n, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 4 Dorm | 3 Baños | 280m² 119.000€
En la parroquia de Santaballa, (Carrizo), a unos cinco kilómetros de Vilalba (Lugo) y a medio kilómetro de autovía Ferrol-Vilalba, se vende chalet en construcción para ser terminado por el comprador, con fachada en piedra, de unos 280 metros y con una finca de 3100 metros. Se encuentra cerca de la charca del Alligal y del Hotel Spa Ática.

Alcalde Fraga Bello 30, Vilalba
Local | 278m² 91.000€
Además del bajo, tiene un entresuelo de 103 metros.

Rouco Varela, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 149m² 72.000€
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta una vivienda situada cerca de la zona escolar, que tiene 135 metros cuadrados útiles repartidos en tres dormitorios, un estudio, sala, cocina y dos baños. La vivienda dispone de calefacción individual, con caldera prácticamente nueva. El piso es muy luminoso y se trata de una segunda planta sin ascensor. A maiores y dentro del precio, la vivienda se vende con una sexta parte indivisa de la última planta del edificio, destinada a trasteros y una cuarta parte indivisa del jardín que existe en la parte posterior del edificio.

Conde Pallares 23, Vilalba
Casa / Chalet adosado | 2 Dorm | 1 Baño | 150m² 22.000€
Se vende casa, para reformar, de planta baja y piso de unos 150 metros totales. Esta situada a escasos metros del centro.

Betanzos 5, Vilalba
Casa / Chalet adosado | 2 Dorm | 1 Baño | 144m² 30.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta una vivienda unifamiliar, a reformar, en la que hay un garaje de 46 metros y dos plantas de 49 metros cada una.

Camino Praia Fluvial 15, Vilalba
Terreno / No urbanizable | 3.481m² 7.500€
En Vilalba (Lugo), zona de la playa fluvial, se vende parcela rústica de 3.400 metros.

Pravia 42, Vilalba
Dúplex | 3 Dorm | 3 Baños | 140m² 98.000€
En Vilalba (Lugo), se vende dúplex muy céntrico con la siguiente distribución: En planta baja tiene el salón, la cocina, un baño, un dormitorio, un aseo, una salita y un trastero y en planta alta, hay dos dormitorios y otro baño. La vivienda dispone de garaje, ascensor y calefacción individual.

Basanta Silva, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 130m² 110.000€
En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, de 3 habitaciones, sala amplia, dos baños, cocina y garaje. Dispone de calefacción individual y ascensor. La vivienda tiene orientación sur.

Placido Pena, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 103m² 23.000€
En Vilalba (Lugo), se vende ático situado en la cuarta planta de un edificio sin ascensor, en el que hay tres dormitorios y sala, un baño y cocina. A maiores dispone de dos terrazas cubiertas a ambos lados de la vivienda.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Volve a Festa do Porco Celta, tras tres anos sen celebrarse

Un ano máis, a Festa do Porco Celta de Friol celebrárase no pavillón municipal de Friol e esta vez será o día 15 de abril, na que é a quinta edición. Recupérase así unha celebración que levaba tres anos parada pola pandemia.

De novo, participarán produtores deste animal que o que buscan é poñer en valor a calidade da carne deste porco de antiga raza e promocionar aos criadores da zona de Friol, xa que esta raza porcina é a única autóctona de Galicia de protección especial e en perigo de extinción. Espéranse unhas bastante afluencia de público, como nestes últimos anos. Haberá unha cea, que constará dun menú baseado neste tradicional alimento, e unha orquestra que amenizará a noite.

O programa dará comezo ás 16.00 horas co campionato de tute. Este está reservado para as persoas que participen na cea e a súa inscrición é gratuíta.



Unha hora máis tarde cobrarán protagonismo as filloeiras de Muimenta, que elaborarán as súas filloas á pedra para a sobremesa.

Ás 21.30 horas dará comezo a cea, que contará con entrantes para despois comer caldo de osos e cocido de porco celta de menú.

Para finalizar haberá unha verbena co grupo JB Son, con entrada libre. Esta festa está organizada pola MCMC Carballo, Antonio Díaz de Guldriz e o Restaurante Roimil.



Novo éxito da Feira do Queixo e Pan de Ousá

A celebración da XXIX Feira do Queixo e Pan de Ousá, no concello de Friol, foi un novo éxito, con miles de persoas e os produtos á venda practicamente esgotados. Destacaba o feito de que esta é a primeira na que ten o título de Festa de Interese Turístico Galego, o que lle supuxo unha axuda de 3.000 euros.

No encontro deste ano participaron centos de persoas que puideron degustar algunha das mostras gratuítas ofertadas por preto de 90 queixerías e cinco panaderías da zona. En total vendéronse arredor de 15.000

queixos e máis de 5.000 panes, superando as cifras do ano pasado.

A feira foi inaugurada pola queixeira friolense da parroquia de Condes Josefa Baamonde e pola vicepresidenta do Parlamento Elena Candia.

O eixo principal da feira volveu situarse como en anos anteriores na praza Andón Cebreiro para a exposición de produtos. Ao redor da carpa situáronse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio e tamén produtos artesanais e do téxtil.

Friol recibe unha subvención para acondicionar o centro social de Vilalbite

O alcalde de Friol, José Á. Santos, xunto co conselleiro de Medio Rural, José González, e a Directora de Agader, Inés Santé, mantiveron unha xuntanza co obxectivo de ultimar os detalles para convenir entre ambas administracións o financiamento a través de Agader para facer realidade deste proxecto, gracias ao cal se poderán levar a cabo as obras de urbanización exterior e rehabilitación do centro social de Vilalbite, que tan necesarias eran para esta parroquia. As obras levaranse a cabo sobre a edificación existente, que é a antiga escola unitaria da parroquia de Vilalbite, e do seu entorno inmediato. Acondicionárase a parcela onde se sitúa a edificación creando un espazo público para uso e disfrute dos veciños. Ao carón da antiga escola crearase unha superficie horizontal empedrada da que parten a rampla e a escaleira da edificación, no resto da parcela manterase o estado natural e acondicionárase para aparcas vehículos, así como tamén se contará con un entorno verde mantendo a mesma topografía.

concellodefriol.es

Un Paseo por el Corazón Verde de Galicia

CONCELLO DE **FRIOL**

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

Parganonsedivide abordou a representantes de transportes



A problemática dos pasos a nivel de Parga estivo presente na sinatura do convenio para a estación Intermodal, que tivo lugar en Lugo.

Antes de comezar o acto, representantes do colectivo Parganonsedivide puideron "abordar" amistosamente ás autoridades para facerlles entrega dun dossier de 84 páxinas onde expoñemos a problemática que temos en Parga cos diferentes proxectos de supresión de pasos a nivel que dividirían o pobo. Así mesmo, pecha este dossier a proposta de variante que presentaran.

David Lucas, secretario de Estado

de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana; a presidenta de Adif, María Luisa Domínguez; a alcaldesa de Lugo e presidenta de turno do Eixo Atlántico, Lara Méndez, e a conselleira de Infraestruturas e Movilidade da Xunta de Galiza, Ethel Vázquez, atenderon as breves explicacións e David Lucas e Lara Méndez recolleron candansúa copia do dossier, asegurando que o estudarían.

"As máximas autoridades en Infraestruturas do País e do Estado poden coñecer, a nosa problemática e as nosas propostas", dixeron dende o colectivo.

AULA CEMIT. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ven de facer a entrega de tecnoloxías avanzadas (material disruptivo) á Aula CeMIT do Concello de Guitiriz. O material recibido foi: unha impresora 3D, un kit de consumibles, un equipo de robótica, drones, gafas de realidade virtual, controladores e un kit de placas de comunicación e programación que se empregarán para desenvolver novas actividades formativas nna Aula CeMIT do concello.



Tanxugueiras encabeza o cartel da Festa da Torta de Millo

Tanxugueiras, o grupo revelación da fusión da música tradicional galega, será a cabeza de cartel da VI edición da Festa da Torta de Guitiriz. As cantareiras actuarán no Campo da Feira o domingo 4 de xuño, ás 20:30 horas, para pechar o evento gastronómico que pon en valor o produto máis típico da localidade.

A Festa da Torta foi presentada esta mañá na Casa Habanera, nun acto que arrincou cunha actuación musical do alumnado da UNED Sénior. "A actuación estrela deste ano será a de Tanxugueiras, como fin de festa. Ademais participarán as agrupacións musicais do municipio. Penso que non hai mellor oportunidade que esta para poñer en valor o traballo que fan durante todo o ano", destacou a alcaldesa, Marisol Morandeira, que conduciu o acto.

"Ogallá veña moita xente a desfrutar da gastronomía, da nosa tradición e da música", desexou Morandeira,



que estivo acompañada da concelleira de Turismo, Pilar Vázquez. "Animo a todos os que queiran acudir que o fagan porque o vamos a pasar ben", engadiu Vázquez.

A Festa da Torta de Millo contará, como vén sendo habitual, con música, exposicións e obradoiros, ademais da degustación e venda do postre. Por suposto, estarán os tres establecementos artesáns de Guitiriz que preparan a torta: Panadería David, Pastelería Gómez e Panadería

La Esquina. A alcaldesa quixo destacar e agradecer a súa implicación, chave para sacar adiante unha nova edición da festa.

A medida que se achegue, desvelarase a programación completa dun evento que contará cun dispositivo de seguridade e de tráfico especial. Dentro deste plan, o Concello habilitará prazas de aparcadoiro para facilitar o acceso a un evento que regresou o pasado 2022 despois de dous anos de parón polo coronavirus.

O Pleno aproba a dotación de fondos para o novo PAI

O goberno local do Concello de Guitiriz levou a Pleno unha proposta de suplemento de crédito que inclúe unha partida de 200.000 euros para sufragar, con fondos municipais, a totalidade do orzamento de construción do novo PAI.

Tras recibir unha axuda de 92.780,25 euros a través dos Next Generation da Unión Europea, e ante o incumprimento do compromiso acadado

do no ano 2019 coa conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, Fabiola García, de que colaborarían no financiamento deste proxecto, o Concello decidiu asumir o investimento necesario para completar o orzamento. A actuación, que ten un custe de ao redor de 350.000 euros, permitirá ampliar a oferta do PAI en 15 prazas de educación infantil (0-3 anos), resolvendo así o déficit existen-

te para ese tramo de idade e eliminando as listas de agarda.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explica que "este é un proxecto moi importante para o municipio xa que é urxente dotar ao PAI de máis prazas" e lamenta que "a Xunta deixe de lado as súas competencias e incumpra o pactado". "Tras tantas negativas, non podíamos agardar máis", afirma.

O Certame Vilariñas amplía a participación aos escolares

A Nova Poesía Guitirica e a Lareira de Soños convocan a VII edición do Certame Vilariñas no que poden participar todos os escritores/as que queiran. A participación neste concurso é completamente de balde. Ademais, por primeira vez, amplíase a convocatoria para que participen os escolares.

Os micropoemas presentados ao concurso serán inéditos, orixinais e non premiados nin publicados.

A temática será libre e cada participante poderá enviar un máximo de un micropoema que debe estar escrito en galego en calquera das normativas ou en portugués e presentarse ao concurso a través

do correo electrónico dosvilares@gmail.com ou nppgazeta@gmail.com en formato Word. Cada vilariña terá o nome ou o alcume do autor. Tamén no correo deben figurar os datos de contacto.

Admitiranse obras ata o día 3 de maio deste mesmo mes.

Este ano amplíase a participación ao sector escolar para os alumnos do IES Basanta Silva de Vilalba, o IES Díaz Castro de Guitiriz e o CEIP Lagostelle de Guitiriz. Establécense dúas categorías, diferenciando entre maiores e menores de 15 anos e sempre menores de 18.

Haberá un premio para cada un dos centros convocantes do certame.

Raúl Río presenta o estudo sobre o uso do galego nas lápidas

A Casa Habaneira de Conchada, nos Vilares, acollerá este domingo, 16 de abril, ás 18.00 a presentación do estudo de Raúl Río sobre as lápidas en galego nesta parroquia.

Na presentación do evento estará o autor, acompañado de Alfonso Blanco, presidente de Xermolos; Bernardo Penabade, do proxecto NEO; Alejandro Piñón Espasandín, párroco dos Vilares, e familiares das persoas que teñen esas lápidas en galego.

Como colofón da sesión, farase unha visita guiada ao cemiterio.

Os Vilares é unha parroquia que ten numerosas lápidas en galego, polo que o proxecto NEO encargou ao noso colaborador Raúl Río, o estudo.

RENTA CAR
ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de:
AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS
TURISMOS

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

Quince vivendas e a casa de Díaz Castro recibiron unha axuda ARI

A primeira fase do plan de rehabilitación de Guitiriz xa está en marcha, centrado na área de Rehabilitación Integral (ARI), que inclúe zonas das parroquias de O Buriz e Os Vilares, nas que se está a traballar nun total de 15 vivendas e un espazo público.

A maior parte das obras céntranse na substitución de cubertas, o acondicionamento de estancias de plantas baixas, pero tamén hai actuacións relacionadas coa eficiencia enerxética. Así mesmo, hai un variado perfil de solicitantes, tanto xente maior como nova.

O interese polo plan elevou o número de solicitudes a 18, pero só se puideron conceder 15, que era o número de obras previstas para esta primeira fase.

Ao cargo da oficina de Rehabilitación está a arquitecta Marian Miraz, que subliña que o plan xerou unha pers-



pectiva favorable nos veciños.

Os fondos de administracións públicas para este plan proceden do plan de vivenda do Goberno, así como do Instituto Galego da Vivenda e ou Só (IGVS). A contía máxima das subvencións pode chegar aos 24.000 euros. Dentro do apartado de actuacións públicas, prevese mellorar a contorna da casa natal do poeta Xosé María Díaz Castro, situada no barrio

do Vilariño (Os Vilares). Dese lugar parte un roteiro de sendeirismo que chega á parroquia do Buriz. O citado edificio pertence, desde hai anos, á Asociación Cultural Xermolos, que ten intención de rehabilitalo para dedicalo a usos sociais e culturais. Xermolos recibiu o edificio por disposición testamentaria de Serafín Díaz Castro, último irmán vivo do poeta.

EN BREVE

BURIZ. A localidade celebra o sábado 29 de abril, as súas festas. As celebracións darán comezo o venres ás 13.30 horas misa solemne seguida da procesión e a sesión vermú, que estará a cargo do grupo Pasión. Este mesmo grupo amenizará a verbena xunto ao Combo Dominicano.

PÍGARA. Estará de festa os días 28 e 29 de abril a parroquia de Pígara. Arrancharán o venres, a partir das 22.00 horas dunha listada e chourizada gratuita amenizada polo dúo La Hora Bruja. O sábado haberá ás 13.30 horas misa solemne, procesión e sesión vermú con Fénix. Este mesmo grupo amenizará a verbena xunto ao grupo Beatriz.

O Concello denuncia a continua falta de médicos no consultorio

O Concello denuncia a recorrente ausencia de médicos que se está a sufrir no consultorio de Parga, no que non se está a dispor de médico de luns a xove.

No mes de outubro de 2022 o Sergas anunciou que reabriría o centro de saúde de Parga con atención médica e de enfermaría de luns a xoves en horario de mañá, incumprindo así o seu compromiso de reapertura total do consultorio unha vez rematase a pandemia.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, sinala que "incumpriron o seu compromiso de reapertura

total do centro tras a pandemia, puxeron as súas propias normas, e agora tamén as incumpren, neste mes só houbo médico tres días". "É un incumprimento doutro incumprimento", afirma.

Morandeira solicitalle ao Sergas "unha vez máis, que cumpra o que prometeu e reabra totalmente o consultorio de Parga". "A normalidade xa volveu hai tempo ás nosas vidas, agás ao centro de saúde de Parga. Con este novo modelo, os usuarios e usuarias reduciron drasticamente o servizo co que contaban ata o ano 2020", denuncia.

Guitiriz será sede do Encontro de Vilas Termais do ano 2024



Guitiriz converterase, no 2024, na sede do XVII Encontro de Vilas Termais. O anuncio coincidiu coa reapertura, este ano, do balneario, un espazo con máis dun século de historia e de gran importancia para o municipio.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, participou no encontro deste 2023, que tivo lugar en Arnoia.

A Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termais, constituída no seo da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) reuniuse en Arnoia para debater os temas de interese das Vilas Termais.

Durante estes días, expertos profesionais nacionais e internacionais, alcaldes de municipios

termais e outros representantes políticos de toda España, compartiron unhas xornadas de traballo e reflexión orientadas a potenciar e consolidar a marca Vilas Termais. Experiencias turísticas de éxito destinadas a poñer en valor diferentes destinos termais, xunto a algunhas das últimas iniciativas que teñen como obxectivo o desenvolvemento do Turismo de Saúde e Benestar a través das augas minerais e termais serán, entre outros, os temas que vertebraron este encontro. Como punto de partida algunhas Vilas Termais de Europa espuxeron como o termalismo foi e é determinante na súa historia, a súa cultura e a súa economía.

Celebrarán na vila o Día do Libro cun concurso de relatos

A Biblioteca Pública Municipal Casa Habanera, organiza un concurso de relatos para celebrar o Día do Libro.

Despois da boa acollida das edicións anteriores, a actividade Tes un conto... regresa para fomentar e premiar a creatividade da súa veciñanza.

Todos os interesados poden escribir e enviar a súa obra ata o día 5 de maio, cando se pechará a reco-

llida de relatos. Non hai límite de idade para participar no concurso e tampouco un límite de liñas, pero si un requisito: todos os contos deben incluír as palabras león, lúa, troita, árbore, libro, paxaro, globo, escaleira e casa.

Os escritos deben ser enviados á dirección de correo biblioteca@concellodeguitiriz.com indicando o nome completo, idade e un teléfono de contacto.



**Clínica Médica
San Ramón**
• En Vilalba •

**AUDÍFONOS RECARGABLES
SIEMENS**
¡Y olvidese de las pilas!



.... Revisións Auditivas GRATUITAS
.... Prueba de audífonos
SIN COMPROMISO de compra

FINANCIACIÓN
hasta
18 meses sin
intereses

***SUPER GARANTÍA
HASTA 5 AÑOS
PARA PÉRDIDA
O ROTURA**

Pida su cita personalizada: 982 512 014. C/ Pintor López Guntín, 5-7 Bajo. 27800 - Vilalba, Lugo




**RESTAURANTE
PARRILLADA**

O'Adro

**COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**
Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

Abre o prazo para un obradoiro de reciclaxe

O Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición no Obradoiro de reciclaxe de cousas que temos pola casa, financiado pola Deputación Provincial de Lugo dentro da programación de actividades medioambientais que se realizan nos concellos integrantes da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Este obradoiro celebrarase no Espazo Municipal de Autorreparación e Intercambio de Obxectos situado no Parque Empresarial de Outeiro de Rei ao carón do Punto Limpo os sábados 15, 22 e 29 de abril de 2023 en horario de 10:00 a 14:00 horas. O número de prazas que se ofertan é de 15 e a cota de inscrición é gratuita.

As inscricións están abertas ata o 12 de abril pódense realizar na Casa da Cultura ou no teléfono 982 393 408.

Haberá unha andaina popular o día 15

O GDR-4 (Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo) en colaboración co Concello de Outeiro de Rei organiza para o sábado 15 de abril unha andaina popular con saída ás 10:30 horas do local social de Martul.

Trátase dunha actividade para toda a poboación, co obxectivo de coñecer un fermoso recurso natural, cultural e patrimonial pertencente a Reserva da Biosfera Terras do Miño.

O recorrido será de 10 km camiñando pola Ruta Arqueolóxica do Acevedo, unha ruta circular, de dificultade baixa cun tempo aproximado de realización de 3 h. É obrigatorio inscribirse antes a través do seguinte email: info@comarcadelugo.gal

Comeza a inscrición para a Escola Infantil

Xa está aberto o prazo de solicitude de admisión para o curso escolar 2023/2024 na Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei, que poderá facerse ata o 2 de maio.

Durante este período de tempo os pais/nais ou titores dos nenos/as que estean na actualidade matriculados na Escola Infantil deberán presentar a solicitude de reserva de praza, no caso de querer continuar na escola infantil no próximo curso. Paralelamente, os pais/nais ou titores de nenos/as que desexen acceder a este servizo no próximo curso escolar deberán presentar solicitude de inscrición.

Para ambos supostos hai modelos normalizados que poden obterse na escola infantil e no Concello.

Renden homenaxe a oito mulleres nun vídeo

Outeiro de Rei acolleu a presentación do vídeo *Mulleres que inspiran, as que abriron o camiño*. Trátase dun vídeo realizado pola empresa BuleBule co que o Concello de Outeiro de Rei quixo dar un merecido recoñecemento ás mulleres maiores do municipio a través de oito protagonistas, todas elas maiores de oitenta anos.

Oito mulleres loitadoras, traballadoras, inspiradoras doutras moitas mulleres; mulleres que nun contexto social moi diferente ao actual, con moitas máis dificultades, co seu labor, moitas veces invisible pola falta de recoñecemento social, abriron camiño para que as mulleres das xeracións seguintes o tivesen máis doado. Mulleres que loitaron por sacar traballo e familia adiante, mulleres que perseguiron que os seus fillos e fillas tivesen unha vida mellor...

As protagonistas do vídeo son: M^{ra} Adoración Fernández, de 98 anos de idade, agricultora e ama de casa da parroquia de San Lourenzo; María Parga Loureiro, de 97 anos, agri-

cultora e ama de casa da parroquia de Candai; Manuela López Candal, de 86 anos, agricultora e ama de casa da parroquia de Santa Mariña; Dolores Mouriz Arias, de 86 anos, agricultora e ama de casa da parroquia de Guillar; Manuela Núñez López, de 86 anos, tecelá da parroquia de Robra; M^{ra} Concepción Piñeiro Rubinos, de 86 anos, agricultora e ama de casa da parroquia de Vicinte; Luisa Rodríguez Castro, de 85 anos, agricultora e ama de casa da parroquia de Silvarrei, e Celia López Montes, de 81 anos, xubilada dun negocio de mercería e zapataría na parroquia de Outeiro de Rei. O vídeo achega a través destas oito mulleres á realidade social dunha época moi próxima á actual pero na que as condicións de vida eran moi diferentes. Lembrar por exemplo que as mulleres en España exerceron por primeira vez o seu dereito ao voto en novembro do ano 1933, despois no ano 1936 e as seguintes eleccións democráticas nas que puideron participar foron as eleccións xerais de 1977.

Continúan as xornadas de mobilización en Capsa para a suba salarial



Os traballadores e as traballadoras da factoría que Corporación Alimentaria Peñasanta (Capsa) ten en Robra continúan co calendario de mobilizacións para esixirle á empresa que cumpra coas garantías económicas recollidas no convenio propio. O persoal realiza un paro laboral de dúas horas e concentrouse diante das instalacións dende ás 13.00 ás 15.00 horas.

O comité (con representación íntegra da CIG) lembra que despois de varias reunións solicitando que faga efectiva a revisión salarial conforme ao IPC real, tal e como se recolle no convenio colectivo, a empresa aínda non aplicou o incremento nin

manifestou vontade neste sentido. Para os traballadores e as traballadoras resulta "gravísimo este incumprimento do convenio, máxime nun momento no que o custe da vida está disparado e os salarios perden poder adquisitivo a causa da elevada inflación". Por iso, ante a falta actualización dos soldos nos termos pactados no convenio, o persoal acordou iniciar mobilizacións.

Realizáronse dúas concentracións ante a planta e tamén están convocados paros laborais de dúas horas, que nesta xornada tivo un seguimento do 100%. Fanse de momento un día á semana.

Xa hai gañadores do concurso de recitado de poemas na casa de Manuel María



A Casa-Museo Manuel María celebrou a sétima edición do Concurso escolar de recitado poético da obra de Rosalía de Castro e Manuel María con alumnado de distintos lugares de Galicia.

O certame, que leva por título *Rosalía sempre viva*, desenvolveuse en dúas sesións, de mañá e de tarde, e contou cunha importante participación.

O alumnado participante, de entre os 6 e os 18 anos, realizou un excelente concurso cun nivel altísimo que puxo moi complicado o veredicto do xurado.

Os premiados na primeira categoría (1^o, 2^o e 3^o de primaria) foron Dunia Sánchez Costa, do CEIP Canosarus de Coristanco, polo recitado do poema Caracol de Manuel María. Na segunda categoría (4^o, 5^o e 6^o

de primaria) foi para Paula García Vázquez, do CEIP Península da Paz de Cervo, co poema O cuco.

Na 3^a categoría (Educación Secundaria) gañou Carme Pereira Troncoso, do Colexio Maristas A Inmaculada de Lugo, polo recitado do poema Tristes recordos de Rosalía de Castro; e na 4^a categoría (Bacharelato e Ciclos Formativos) o premio foi para Lucía López Alvarinho do IES Santiago Basanta Silva, polo recitado do poema Eu ben vin estar o moucho de Rosalía de Castro.

Tamén recibiron unha mención honorífica Lara Arias Sanjurjo do CPI de Xanceda polo poema de Manuel María A natureza, na categoría segunda e, por outra parte, Sara Martínez Quindimil do CPI de Xanceda polo recitado do poema Cando a luniña aparece.

Abre o proceso de licitación para a ampliación do centro de saúde

O Sergas ten iniciado o trámite da contratación do proxecto arquitectónico desta obra, que o Sergas licitará por máis de 72.000 euros nas vindeiras semanas, en canto se obteñan os informes xurídicos preceptivos.

Esta licitación será posible grazas a que o pasado catro de maio, Xunta e Concello de Outeiro de Rei asinaron o protocolo de colaboración para a execución destas obras, que daba cobertura legal ao concello para comezar o proceso de adquisición da parcela lindeira ao actual centro de saúde, e comprometía á Xunta de Galicia a executar as obras unha vez posta a disposición a parcela necesaria.

Unha vez o concello comunicou que xa completara a adquisición dos terreos procedeu a remitir á administración autonómica un certificado de dispoñibilidade da titularidade plena da parcela, que habilita ao Goberno autonómico a licitar esta actuación.

A ampliación do centro de saúde de

Outeiro de Rei figura na fase 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2021. Na diagnose do Plan, priorizouse a necesidade asistencial de integrar estes dous puntos de asistencia sanitaria nun mesmo espazo, así como de ampliar os espazos do actual PAC, situado nun edificio construído en 1981 como casa do médico e con dimensións e distribución pouco funcionais para o seu uso sanitario.

Nese sentido, formulouse un plan funcional que prevé unhas novas instalacións de 557,8 m² de xeito anexo ao actual centro de saúde, que permitirán albergar un PAC cun maior tamaño das consultas de medicina e enfermería e da sala de observación que alberga o box de críticos, así como a incorporación de novos espazos, como unha sala polivalente ou vestiarios, ademais de integrar tamén a base da ambulancia localizada.

A Granxa Gayoso Castro ten o certificado europeo de benestar animal



A voceira socialista do Goberno da Deputación de Lugo, Pilar García Porto, xunto ao deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, recibiu da man do Director de Actividade Agroalimentaria en Bureau Veritas, Jacobo de Nóvoa, a certificación de benestar animal Welfare Quality que vén de obter a institución provincial para a Granxa Gayoso Castro, en concreto para a explotación de produción e reprodución de raza Cachena e para a produción de leite de vacas de raza frisona na Granxa Experimental de Leite.

A institución provincial vén de obter este selo de calidade avalado pola Comisión Europea, tras superar unha auditoría exhaustiva realizada por expertos autorizados polo Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria (IRTA) e que se basea, non

só nas características e estado das instalacións, senón na inspección e observación directa dunha mostra representativa dos animais da explotación, avaliando catro aspectos: boa alimentación; bo Aloxamento; boa Saúde; e comportamento axeitado. No acto de entrega, que tivo lugar neste último centro, García Porto subliñou que a certificación é “un avance importante na mellora continua da Granxa Gayoso Castro que estamos impulsando desde a Deputación, tanto a nivel da xestión administrativa interna, como tamén para seguir potenciando estas instalacións como un referente e como un motor do sector primario e da actividade económica da nosa provincia”, tendo en conta, sinalou, “o peso absolutamente fundamental que ten a actividade agrogandeira en Lugo”.

San Rafael converterase nun centro de acollida de refuxiados



O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións acordou coa Deputación de Lugo a posta en marcha dun centro de acollida de protección internacional (CAPI) en Castro de Rei. O desenvolvemento deste centro será posible grazas á cesión realizada pola Deputación dunha parcela de case 43.000 metros cadrados, na que se sitúa o antigo Hospital de San Rafael. O centro de Castro de Rei, cuxas

obras comezarán o ano que vén, terá unha capacidade para 250 persoas nun recinto no que haberá espazos comúns, ademais do comedor, talleres e espazos deportivos deseñados polo Comité Olímpico Español (COE). O Ministerio realizará un investimento duns 12 millóns de euros. A posta en marcha xerará un importante impacto económico, debido a que se estima a creación de entre 20 e 25 empregos directos, e 45 indirectos.



O concello, protagonista dun proxecto do portal Rutas de Historia

Coñecer, amar, valorar e protexer a historia de Galicia. Ese é o principal obxectivo de www.rutasdehistoria.gal, un proxecto patrimonial impulsado polo portal web www.historiadegalicia.gal ao que esta primavera se suman catro rexedores das catro provincias galegas cun único fin: poñer en valor o seu patrimonio local.

Coñecendo a historia cos alcaldes de Galicia, así se chama este novo proxecto impulsado por Rutas de Historia que quere converter en guías turísticas e históricos por un día aos alcaldes de Tui, Enrique Cabaleiro; Castro de Rei, Francisco Balado; Outes (A Coruña, Manuel González) e A Mezquita (Ourense), Rafael Pérez.

O obxectivo é que os propios alcaldes sexan os guías dun grupo de máis de medio cento de persoas pola historia e o patrimonio dos seus concellos e dean a coñecer os “segredos ocultos” e as “anécdotas históricas” que atesouran. A presentación deste proxecto tivo lugar no Centro Internacional de Prensa

de Galicia en Santiago este venres. O rexedor de Castro de Rei indicou que “o patrimonio dos concellos de Galicia moitas veces está deteriorado”. Incidiu en que, dende esta iniciativa queren “poñer o acento naquel patrimonio que está agochado e que non se ve”.

As andainas que restan terán lugar o 15 e 29 de abril e o 6 de maio. Algunhas serán de mañá e outras de tarde e combinarán visitas con camiñatas. Os alcaldes, acompañados nalgúns ocasións por divulgadores locais explicarán, en varios puntos, os contextos históricos por onde pasan os camiñantes. En Castro de Rei farase o 6 de maio. Unha visita por máis de 2.000 anos de historia na que se poderá coñecer onde se atopou un tesouro romano, sepulturas paleocristiana, a casa de José Castedo Teijeiro, inventor dun fusil similar ao máuser; os lugares onde naceron o rico comerciante do século XVIII marqués de Atalaia Bermeja e Manuel Becerra Bermúdez, ministro de Fomento e Ultramar no século XIX.

A Ponte de Outeiro convoca a Festa da Troita para o día 15

A localidade de Ponte de Outeiro festexa o día 15 de abril a terceira edición da Festa da Troita, que inclúe o concurso de pesca nas modalidades de lance, cebo e mosca.

O concurso iniciarase oficialmente na noite do venres 14 co sorteo de dorsais no Teleclub de Ponte de Outeiro. O sábado, a concentración de pescadores será ás 7.30 horas para iniciar os concursos ás 9.00. Rematarase sobre ás 13.00 horas para celebrar o xantar de irmandade e a entrega de premios. Previamente ao xantar haberá sesión vermú a cargo do grupo Epo-K, que volverá tocar ás 18.00 horas, a mesma hora que

está prevista unha sesión de xogos populares.

Pola noite haberá verbena a cargo da orquestra Marbella e se completará a sesión musical coa actuación de Eventec e Cosmedeejay. Como non podía ser doutro xeito, haberá degustación de troitas. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.

Os interesados en participar no concurso teñen que inscribirse antes do 10 no teléfono 619 703 373. Ten un prezo de 45 euros con xantar incluído. Os que desexen só participar no xantar teñen que facerse co ticket, de 30 euros, no bar o Ribeirogo.

O BNG pide o arranxo do aparcadoiro do campo de fútbol

O BNG promoveu, a través dunha proposta no pleno municipal, arranxar as inmediacións do campo municipal de fútbol Arturo Pereiro de Castro Ribeiras de Lea, mais en concreto, a zona do aparcadoiro para vehículos.

Digna Lagarón, concelleira do BNG, declarou “as persoas usuarias do campo non dispoñen dun lugar adecentado para poder ir camiñando ou estacionar o seu vehículo, o que está ocasionar malestar e unha mala imaxe dos servizos públicos do noso concello”. De igual xeito, a concelleira destacou “o estado actual da contorna do campo de fútbol está moi deteriorado, por isto impulsamos o arranxo da zona e do aparcadoiro, sobre todo solicitando celeridade ao goberno municipal, xa que ten nun caixón pechado un proxecto de arranxo desde o ano 2019”.

A proposta do BNG foi rexeitada polo voto en contra do Partido Popular, o cal Digna Lagarón sinalou “o BNG sempre vai traballar en positivo pola veciñanza, sempre tenta sumar para gañar máis e mellores servizos”.

VADOS. O BNG trasladou no pleno municipal e no debate sobre a nova ordenanza de regulación de entradas exclusivas a fincas e garaxes, coñecidos como vados, a súa desconformidade na taxa fiscal deste servizo municipal.

Recollida de plásticos de silos en Castro este mes

O Concello de Castro de Rei pon en marcha a recollida de plásticos de silos porta a porta. A recollida será na explotación que o solicite entre os días 24 e 28 de abril.

Os usuarios que estén interesados na recollida de plásticos de silo deberán poñerse en contacto co teléfono 982 314 034, onde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda, e baixo os seguintes condicionados:

Os plásticos deberán estar depositados nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e dentro da explotación. Non se poderán depositar en bens de uso ou dominio público, lembrando a prohibición de depositalo nos contenedores de lixo ou ao seu carón.

Os plásticos deberán ir limpos de terra (só plásticos de silo, non se aceptarán nin cordóns, nin garrafas, nin calquera derivado da actividade agrícolá).

Xermade contará co servizo Coidados porta a porta en maio

O Concello de Xermade en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia informa que nos días 8, 9 e 10 de maio estará ao lado do centro de saúde unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unah banda, un servizo de podoloxía. Faise unha consulta básica de podoloxía; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e helomas.

No servizo de audiología faise unha valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva. E finalmente no servizo de estimulación da memoria, un profesional realizará unha valoración cognitiva e achegará as pautas desde unha perspectiva terapéutica de como previr e aminorar un deterioro, en caso de habelo.

As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico coidadosportaaporta.politicassocial@xunta.gal.

Celebran o sábado 15 a Festa da Xuventude e o tradicional xantar

O concello de Xermade recupera o 15 de abril a súa Comida Popular, que levaba sen celebrarse desde o ano 2019 e que está organizada pola comisión de festas de Xermade deste ano. Comezará ás 14:00 horas coa sesión vermú amenizada co dúo Charada, para a continuación dar paso ao gran xantar popular.

Xa a partir das 21:30 horas terá lugar a Festa da Xuventude co dúo Charada de novo. O menú da festa consta de paella de fabas con polbo, xarrete de tenreira e postre ademais de pan, viño, refrescos, auga, café e chupito. Terá un prezo de 30 euros para os adultos, 15 para os nenos de entre 6 e 12 anos e gratis para os máis cativos.

Para apuntarse haberá que mercar os tiquets, ata o 12 de abril, no bar Casal, bar O Pita. Completará a festa un sorteo de agasallos.



Presentan na vila unha nova edición do proxecto Habita Rural

O alcalde do concello de Xermade, Roberto García Pernas, e o alcalde do concello de Ouro, José Luis Pajón, presentaron na Biblioteca Municipal de Xermade o proxecto #HabitaRural da ONG Ecos Do Sur, que pretende abordar a dobre problemática da exclusión social nas cidades e do abandono de zonas rurais que teñen un importante potencial produtivo, xerando unha solución conxunta.

Nesta fase do proxecto, iniciarán unha formación gratuíta en albanaría, carpintería e pintura, nos concellos de Xermade, Muras e Ouro, co obxectivo de capacitar ás persoas participantes en formación profesional especializada, favorecendo a vivencia real no rural galego, o coñecemento da súa contorna e a xeración de redes que faciliten a súa inserción sociolaboral.

Este proxecto contempla a formación especializada dirixida a persoas que queiran emprender na contorna rural, especialmente a aqueles que residan en cidades ou en vilas galegas e desexen lanzar un proxecto de vida no campo.

O ano pasado Muras e Xermade, xunto con Ouro acolleron este proxecto de formación durante seis meses. Tratouse de que 16



persoas que viviron na zona coa fin de atopar vías de emprego e emprendemento no rural.

A ONG coruñesa Ecos do Sur impulsa este proxecto ocupacional de agricultura, gandería e servizos forestais, que se enmarca dentro do proxecto Habita Rural, financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Esta iniciativa é gratuíta e inclúe os desprazamentos, vivenda e manutención das persoas seleccionadas.

En 2021 celebrouse a primeira edición de Habita Rural, que deu como froito un catálogo de oportunidades de emprendemento en

Muras, Xermade e Ouro

O proxecto ten como obxectivo revitalizar o rural galego freando o despoboamento e o abandono de terras produtivas. Ao mesmo tempo, explican desde a ONG, ofrécense oportunidades de vida, capacitación e emprego no campo a residentes de lugares urbanos, onde se concentran as principais bolsas de desemprego e exclusión. As persoas interesadas neste proxecto poden coñecelo na web <https://habitarural.org/> ou poñerse en contacto coa organización no correo cooperativas@ecosdosur.org.

Regresa o programa Camiños do coñecemento da USC en maio

Cabreiros acollerá en maio un ciclo de charlas divulgativas baixo o título Camiños do coñecemento e experiencia. Proxecto de democratización do coñecemento.

Este ciclo está impartido pola USC e organizada polo IV Ciclo ou formación universitaria para os maiores de 50 anos. As datas de celebración son do 22 ao 26 e o 31 de maio e impartirase na Casa escola de Cabreiros, en horario de de 16.30 a 18 horas.

As ponencias arrancarán o 22 falando de astronomía e os reloxos de sol para continuar ao día seguinte cunha sesión de práctica de como construír un reloxo de sol.

A fauna na paisaxe será o tema a tra-



tar na sesión do mércores para continuar cun seminario sobre museos e patrimonio cultural aproveitando o aniversario do Museo Provincial de Lugo. Unha saída ao museo pechará a semana para rematar o curso o mércores 31 cunha sesión práctica sobre fauna e paisaxe nun lugar por determinar.

Para máis información e matrícula haberá que poñerse en contacto co Concello de Xermade no teléfono 982 501 001.

Os veciños de Cabreiros organizan catro rutas pola provincia

A asociación de veciños de Cabreiros convocou para o mes de abril e primeira semana de maio catro rutas de sendeirismo, que terán lugar os sábados e domingos comezando o 1 de abril pola comarca da Mariña, que xa se celebrou.

A seguinte será o día 15 de abril pola mesma ruta pero avanzando na mesma, para facer de Foz a Burela, que tamén conta con 20 quilómetros pero é de dificultade media. Alterna o roteiro as praias e os restos de antigos asentamentos, a igrexs de San Pedro e unha moreira co título de árbore singular.

Continuarán os percorridos o 23 de abril polo tramo Burela-Praia de Lago. So 19 quilómetros con dificultade media tamén que visitan as praias máis emblemáticas da zona, ademais de outras obras da arquitectura ata o faro de punta Atalaia e San Ciprián.

A última das rutas será o 7 de maio e concluirá cun percorrido pola ruta das minas da Pontenova. Roteiro circular de 12 quilómetros de dificultade media que visita galerías antigas das minas cun percorrido paralelo ao río Turia.

As persoas que desexen inscribirse nas rutas poden facelo chamando aos teléfonos 619 547 072 ou 686 104 780.

Pol terá no verán unha cita co Campus Kingtela

Do 1 ao 8 de xullo de 2023, a localidade de Mosteiro, no concello de Pol, acollerá a III Edición de Campus Kingtela. Unha semana repleta de moito baloncesto, un equipo técnico de primeiro nivel, xogadores profesionais, actividades, noites temáticas, competicións, piscina... e dos irmáns Erik e Sergi Quintela.

Ademais haberá fisioterapeuta, seguro e enfermería, e por suposto un servizo de bus entre Lugo e Mosteiro e viceversa. O campus conta con dúas modalidades, interno e externo. A interna ten aloxamento, 5 comidas, veladas nocturnas, adestramentos nocturnos e activación matinal e todo por un prezo de 430 euros; e o réxime externo son 3 comidas, a chegada é ás 10.00 horas e a saída ás 19.45 horas por 270 euros. O campus terá descontos para os que se inscriban antes do 15 de abril



no concello de Pol, de 50 euros para internos e de 30 para externos. A actividade está dirixida a rapaces e rapazas nados entre 2005 e 2016. Haberá agasallos como a equipación completa (camiseta y pantalón) máis cubre, un diploma de participación, un póster oficial Campus Kingtela e variados sorteos e moitas máis sorpresas.

Bretona prepárase para a Festa da Bola de Liscos e das Freces

A Asociación de Amigos da Feira de Bretona anunciou que a XII edición da Festa da Bola de Liscos e Freces de Bretona terá lugar o domingo 23 de abril, no concello da Pastoriza, continuando coa recuperación da mesma realizada o ano pasado tras tres de ausencia.

Trátase dunha celebración que busca ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que organiza unha remodelada Asociación de Amigos da Feira de Bretona.

Esta festa, que tivo as súas orixes nos albores do 2000, celebrouse por última vez no ano 2018 na que foi a súa décima edición e a intención o ano pasado era establecer unha continuidade para solicitar esta designación galega, e todo está listo.

Na edición do ano pasado repartíronse unhas 200 bolas de liscos e de 800 racións de freces entre os asistentes a este evento que desborda-



ron as previsións.

A bola de liscos é un prato da zona elaborado con masa de pan, panceta afumada, chourizo e verzas, o que se coñece como cocíña con produtos de subsistencia pero cun resultado

espectacular. Para os que non coñezan este produto, ten moito parecido cunha empanada gorda pero moi xugosa e sabrosa. Isto é debido aos liscos do seu interior e o sabor é pola cobertura de verza coa que se mete ao forno.

As freces son coma unhas migas, feitas de manteiga, ovo, fariña, pan e leite, aderezado con azucre ou mel, o gusto do comensal.

Na programación deste ano lémbrese que haberá música polas rúas coa Escola de Música da Pastoriza e sesión vermú a cargo do dúo Estrelas.

Non faltará a carpa onde se fará a degustación e posto de venda de polbo. Animará tamén a festa unha selección de postos de artesanía.

Pero a festa dará comezo o sábado pola tarde cunha sesión de cantos de taberna e tapeo polo bares do pobo, a partir das 22.00 horas.

As Mulleres Rurais farán unha viaxe a Santander a final deste mes

A Asociación de Mulleres Rurais da Pastoriza realizará os días 29 e 30 de abril unha viaxe cultural a Santander.

O programa dará comezo o sábado coa visita guiada ás Covas do Soplao, que terá unha duración de 50 minutos. Pola tarde está prevista unha visita a Comillas, que se completará cunha sesión de spa no hotel Milagros Golf.

O domingo visitarase pola mañá Santander e pola tarde a localidade de Potes de camiño de regreso.

A saída está prevista ás 6.30 horas diante do Concello da Pastoriza e a chegada o domingo ás 22.00 horas. O prezo será de 160 euros para socios e menores de

12 anos e de 185 para o resto. Neste prezo vai incluído o desprazamento, as comidas, as entradas, o spa e o hotel.

As persoas interesadas en asistir deberán anotarse antes do luns 10 de abril a través de transferencia bancaria ou ingreso na conta da asociación.

EXPOSICIÓN. O hábitat cultural Fogar de Maeloc da Pastoriza mantén aberta a exposición de fotografía *Cuerpos que dan vida*, de Aurora Valiño.

Trátase dunha mostra na que se reflicte os distintos corpos das mulleres na súa transformación como nais. A mostra poderá verse en horario aberto do edificio ata o 15 de abril.



O centro de día sumouse ao programa de incubación de ovos da Galiña de Mos

O Centro de Día de Abadín sumouse ao proxecto da asociación Galiña de Mos no seu proceso para dar a coñecer esta raza nos centros educativos. Así, de acordo coa Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos, Avimós, fixeron unha charla divulgativa sobre a conservación e promoción da raza e instalouse unha incubadora artificial para ver crecer os poliños ao longo de todo o mes. Acudiron a presenciar este momento os nenos do colexio Aquilino Iglesias, aos que os maiores lles leron un conto con música incluída, *Cocorico*.

Foi unha xornada moi positiva para todos na que compartiron un biscoito para finalizar este reencontro tras moito tempo de restricións.

Á semana seguinte asignaron res-

ponsabilidades para o coidado dos ovos, o mantemento da temperatura e da humidade adecuada, e a retirada das cascas cando nacesen. 21 días máis tarde asomaron os picos sendo día de festa no centro.

Foron 7 os nacidos en Abadín pero, posteriormente, o presidente da Asociación e o veterinario foron buscalos. De novo os nenos presenciaron este momento tan emotivo. Puideron collelos na man e coñecer as diferenzas entre un galo e unha galiña e visionaron un vídeo. Esta visita supuxo o reanudar os contactos presenciais coa contorna, unha actividade moi valorado para os pequenos e para os maiores. Para finalizar, intercambiaron unha manualidade realizada en ambos centros (ovos de Pascua de cores e pitiños de lá).

Abadín contará en xullo cun festival cultural de nome Rumboia Viva



A Asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, anunciou a próxima celebración de Rumboia Viva, un festival cultural que terá lugar o próximo mes de xullo, concretamente o día 29, na porta da Terra Chá.

O colectivo traballa no deseño do programa pero xa avanzou que haberá moitas moitas actividades, onde música, gastronomía, artesanía e narración oral serán as grandes protagonistas.

A asociación presentou a través das súas redes sociais os elementos que formarán parte do cartel anunciador do evento e que ve-

ñen a poñer en valor parte do seu patrimonio natural, como son as queirugas, os grelos ou os penedros.

Uno dos primeiros grupos invitados a este evento é o Lambe Lambe, unhas cantadeiras e pandereiteiras que non pasan desapercibidas nas súas actuacións. O colectivo organizador foi creado en Abadín xusto antes da pandemia co obxectivo de impulsar a vida cultural de Abadín. Teñen organizadas varias actividades nestes últimos tempos e agora programa un festival por todo o alto.

O Concello recibe outra multa polo mal funcionamento da depuradora

Os socialistas de Abadín denuncian que o alcalde de Abadín vén de recibir unha multa da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil que ascende a 60.000 euros polo mal funcionamento da depuradora. Unha elevada cantía "que temos que pagar con cartos de toda a veciñanza, pola incompetencia política de todo o Goberno do PP de Abadín".

Así o denunciou o voceiro socialista na localidade, Pablo Díaz, trala celebración da última sesión plenaria, na que o Secretario municipal informou dunha nova multa ao Concello de 60.000 euros "por conducta reiterativa infractora, debido ás numerosas sancións que se lle aplicaron anteriormente e ás que o Concello fixo caso omiso".

Os socialistas lembran que rexistraron diversas iniciativas no Pleno solicitando "o arranxo desta dotación prioritaria e imprescindible para toda a veciñanza, e así non seguir pagando multas, pero sempre nos atopamos coa negativa por resposta. Estas son as solucións do PP de Abadín, nin fan, nin se preocupan, nin deixan facer. A depuradora ten que funcionar con tódalas garantías, e pola saúde de toda a veciñanza", incidiu Pablo Díaz.

O Goberno local lembra a obriga de limpar as fincas próximas a vivendas

O goberno local de Begonte emitiu un bando informativo para lembrar aos propietarios de terreos situados en solo urbano, urbanizable ou núcleo rural a obriga de mantelos nun estado axeitado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada antes do día 31 de maio, atendendo ás distancias establecidas pola Lei de prevención e defensa contra incendios (Lei 3/2007 do 9 de abril).

A partir do 1 de xuño, o Concello, xunto a Garda Civil e axentes forestais, comezará a campaña de vixilancia e inspección para comprobar o cumprimento desta lei que, en caso contrario, conlevará "o inicio de expedientes sancionadores" aos titulares das fincas.

O incumprimento destas obrigas, transcorridos os prazos correspondentes, determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, con multas de entre 300 e 3000 euros.

Convocada o 13 de maio a Festa da Xuventude

O Concello de Begonte celebrará o día 13 de maio a Festa da Xuventude, unha celebración na que se busca ofrecer unha alternativa de ocio á xente moza do Concello.

A festa, que terá lugar en sábado na praza do Concello, contará con varias actuacións orientadas á música dos máis novos.

Para colaborar na organización compre contactar co Concello de Begonte ou chamar ao teléfono 619 455 026 ou tamén por correo electrónico a cultura@concello-begonte.es.

O Club Fluvial local pon en alugueiro a súa cafetería

A xerencia do Club Fluvial de Begonte vén de poñer en alugueiro o local que alberga a cafetería deste centro de ocio para os meses de verán.

A cota é de 800 euros ao ano, aínda que se usará durante a tempada alta, que corresponde aos meses de xuño a setembro.

O prezo non inclúe os gastos en electricidade, que se facturan aparte.

O local, de cen metros cadrados, conta con zona para cociña, almacén e terraza pechada.

O Concello prepara bonos para a inscrición no novo ximnasio



Co remate da construción do ximnasio municipal nas instalacións que ten non centro sociocultural da vila, concretamente fronte ao centro de saúde, o Concello abriu o prazo para a compra de abonos. Esta debe facerse nas oficinas municipais en horario de 9.00 a 14.30 horas de luns a venres. Será necesario o abono da tarifa correspondente e unha copia do DNI. Os novos socios recibirán unha pulseira que activa o acceso.

O Concello presentou unha serie de tarifas individuais e familiares tanto para empadroados como no em-

padroados. Estes últimos terán un sobre coste. Ademais da matrícula haberá bonos mensuais, semestrais e anuais que van dos 20 aos 180 euros na individual e dos 45 ao 390 na familiar.

Para todos aqueles que se matriculen agora haberá un desconto de 120 na individual anual e de 280 na familiar.

A obra do ximnasio levouse a cabo cunha subvención da Xunta de Galicia e fondos propios do Concello de Begonte investindo un total de 100.000 euros.

Begonte avalía unha liña de axuda como comunidade enerxética

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Pablo Fernández Vila, reuniuse co alcalde de Begonte, José Ulla, para avaliar a nova liña de axudas de planificación enerxética para comunidades enerxéticas e a posibilidade de acollerse á mesma. Esta convocatoria, cunha intensidade de axudas de ata o 80%, permanecerá aberta desde o 28 de marzo ata o 15 de xuño, e terá como actuacións subvencionables tanto os custos da contratación dos servizos de asistencia técnica como de asistencia xurídica que sexan precisos para a definición das infraestruturas enerxéticas necesarias, así como a elaboración ou ampliación dos estatutos que rexerán a operativa e xestión da Comunidade Enerxética a partir da súa constitución. O director xeral tamén informou da liña específica para entidades locais, onde se promoven os estudos estratéxicos para a subministración enerxética nos que se

contemple a promoción do aforro enerxético e, en concreto a análise e a posta en marcha dun proceso de contratación centralizada. Nesta liña, a intensidade das axudas será maior canto maior sexa tamén o número de concellos que concorran de forma agrupada e incrementárase no caso de concellos con poboación inferior a 5000 habitantes, municipios fusionados e tamén no caso de Concellos Emprendedores. As dúas liñas contan cun orzamento total de 600.000 euros nesta convocatoria de concorrencia non competitiva. Os solicitantes poden escoller libremente as empresas que as asesoren. O Inega, dependente da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, elaborará unha listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de planificación enerxética ás entidades locais e comunidades enerxéticas que publicará na súa páxina web.

O PSOE di que o alcalde quere demoler o antigo colexio de Baamonde

Os socialistas denuncian que o alcalde "quere demoler, por capricho e con total escurantismo, o edificio da antiga escola de Baamonde".

Lembran que nun primeiro momento o rexedor "intentou xustificarse" o peche do colexio coa escusa de cederlle o edificio a unha asociación musical. Sen embargo, no transcurso dun Pleno extraordinario e urxente, convocado polo alcalde supostamente "para non perder unha subvención de material para o ximnasio", e do que o Concello non facilitou a documentación correspondente á oposición nas 48 horas legais, os socialistas comprobaron que, entre as modificacións de créditos incluídas, figuraba unha partida de 21.780,00€ para a "demolición da antiga escola infantil para auditorio en Baamonde".

Ante a intención do alcalde de demoler un edificio público, para

o que os veciños cederon no seu día os terreos, os socialistas presentaron unha moción o día 13 de marzo, solicitando que esa partida de 21.700 euros fose dedicada a obras de mellora do edificio para poder destinalo a uso de gardería ou Punto de Atención á Infancia. Así mesmo, os socialistas reclamaban que o Concello pedise unha axuda á Xunta de Galicia para esta actuación, e que solicitase á comunidade de montes de Baamonde a cesión de terreos para a construción do auditorio, "sen ter que demoler o edificio da escola". Segundo indican ao día seguinte de rexistrar a súa moción, deuse a coñecer a noticia de que o Concello e a Xunta anunciaban a posta en marcha dun PAI de nova construción, cun orzamento de 120.000€, sen detallar a achega económica de cada administración.

Reclaman á Deputación a construción dunha residencia de maiores

O pleno de Begonte acordou por unanimidade pedir á Deputación Provincial a construción dunha residencia da terceira idade como as que se están a facer noutros concellos.

Este punto de día foi unha proposta do equipo de Goberno, que preside o popular José Ulla, que foi respaldado polos votos dos dous concelleiros socialistas. Propón o Concello para est in-

fraestruturar os terreos propiedade da Comunidade de Montes que se atopan ao lado da praza de Baamonde, moi preto do actual centro de día.

Ademais, o alcalde da localidade, José Ulla, invitou aos concelleiros socialistas a realizar as xestións necesarias co equipo de Goberno da Deputación para acelerar a posta en marcha desta iniciativa.

O Cercud de Baamonde organiza unha excursión a Quiroga

O Cercud de Baamonde volve ser unha das entidades admitidas na 3ª edición do programa Coñece a túa provincia da Deputación de Lugo polo que convoca unha nova excursión, nesta ocasión a Quiroga. A primeira visita será nun centro ou dependencia da Deputación de Lugo; ben no Pazo de Santa Comba ou no Centro de Interpretación Terras do Miño. A continuación visitarase o Museo Etnográfico de

Quiroga, Xeomiradoiro de Campodola, Castelo de Torrenovaes e unha adega.

A viaxe inclúe transporte, póliza de seguros de viaxeiros, entradas e menú de xantar.

Será o mércores 19 de abril con saída ás 09:00 horas desde apraza de Baamonde (quedada as 08:50).

As persoas interesadas en asistir deberán anotarse previamente a través das redes sociais.

Muras expone como exemplo de xestión de renovables en Madrid

O rexedor murense participou convidado á xornada celebrada na sede de Argüelles da Universidade Rey Juan Carlos, Madrid. Foron analizadas e debatidas unha escolma de boas prácticas na instalación de renovables no territorio peninsular co caso de Muras como exemplo no eido eólico. Un debate no que se escoitaron voces desde o territorio, as empresas, as administracións, a sociedade civil e os medios de comunicación.

O marco para o debate foi o traballo realizado pola Fundación Ecoloxía e Desenvolvemento (Ecodes) *Casos de éxito na implantación de enerxías renovables*. Encargado pola Universidade Rey Juan Carlos recompila proxectos fotovoltaicos e eólicos “que demostran un aproveitamento renovable con especial respecto á biodiversidade e con especial consideración á poboación”.

Ante “a situación de rexeitamento ás



enerxías renovables en parte do territorio nacional” o estudo identifica trece complexos como exemplos de deseño de modelos de implantación de enerxías renovables con aceptación social: desde a selección do emprazamento ás actuacións previas coas poboacións locais, accións durante a fase de construción e medidas para a integración socioeconómica nos territorios.

E no caso da eólica o primeiro caso que se destaca é o de Muras, que

alberga no seu termo 20 parques eólicos desenvolvidos entre 1995 e 2009. Con algo máis de 163 km cadrados e 614 habitantes ten unha potencia instalada de 485 MW repartidos entre 381 aerogeradores das empresas Acciona, Endesa, HEL do Arnoya SL, Iberdrola e Norvento. O rexedor de Muras tamén foi convidado a falar desta experiencia o pasado xaneiro no salón de Graos da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña (UDC).

A vila terá a final de mes o seu primeiro descenso de carrilanas

Muras acollerá o 29 de abril, sábado, a primeira edición do descenso de carrilanas, que será tamén a primeira proba galega e a segunda do calendario actual. A competición será puntuable para a Copa Galicia e o prazo de inscrición xa está aberto, con data límite o 26 de abril.

A proba está organizada tamén pola Asociación Carrilanas os Meiregos e baixo a normativa da Federación Española de Deportes de Inercia, polo que só poderán participar aquelas persoas que teñan en vigor a licenza federativa. A proba dará comezo ás 16.00 horas desde o alto das Louseiras ata a propia vila de Muras, cun percorrido de aproximadamente tres quilómetros. Os remontes iniciaranse ás 15.30 horas.



ANTÍA CAL. O Concello de Muras rendeu unha homenaxe a Antía Cal aproveitando o primeiro cabodano do seu pasamento cun encontro na vila. Fíxose o nomeamento da Biblioteca A palabra xusta, un xogo que Antía gustaba de facer cos seus alumnos. Tamén se fixo o descubrimento dunha placa na súa casa familiar e recuperouse a placa da Casa do Médico, que fora cedida pola asociación de emigrantes de Muras na Habana e retirada durante a reforma.

Convocada para o 27 de maio a Romaxe Artesá

O Concello de Muras ten previsto celebrar o día 27 de maio a sétima edición da Romaxe Artesá da Chaira, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida. No cartel que fixo pública a organización xa se coñecen algunhas das

actuacións previstas para esta cita cultural. Así, contarán con Luar na Lubre, Caamaño&Ameixeiras e Uxía Lambona.

O Concello aínda está perfilando a programación, na que figuran moitas das actividades que se celebraron en anos anteriores, agás no 2020 cando non houbo pola pandemia.



Veciños manifestáronse contra a reapertura da mina de Silán



Veciños e veciñas de Silán, en Muras, e o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) manifestáronse na zona da polémica mina San Acisclo, para esixir a admisión dos recursos xudiciais presentados e a revocación dos permisos concedidos pola Xunta de Galicia.

Na concentración, na que non houbo representantes do PP e do PSOE, si estivo presente o alcalde, Manuel Requeijo, en apoio aos veciños e veciñas, ademais doutros membros do equipo de goberno. Actualmente están interpostos recursos de reposición por parte da veciñanza, organizacións ambientalistas e o SLG, nos que solicitamos a suspensión da autorización da ac-

tividade mineira por parte da Xunta de Galicia, para a cal non consta ademais a existencia dunha licenza municipal.

“Como xa temos denunciado en reiteradas ocasións, son múltiples as irregularidades presentes na mina San Acisclo, comezando porque esta concesión e o seu proxecto encádranse na Proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia (Decembro 2011), vulnerando a Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres”, din dende o SLG.

Afirman que esta concesión mineira vén acumulando irregularidades dende a súa solicitude na década dos noventa.



O BNG presenta a súa candidatura ao completo

O BNG de Muras presentou a candidatura completa para acudir ás urnas o vindeiro mes de maio, e que seguirá encabezando o actual alcalde, Manuel Requeijo. A equipa ao completo aspira a conseguir un bo resultado e revalidar novamente a confianza depositada polos veciños e veciñas hai catro anos.

A lista presenta varias novidades, como a incorporación da mestra de primaria, Paula Gómez Souto, que irá de segunda na candidatura ou a de Cristobal Pena Teijido, traballador de Alcoa, que ocupará o sexto posto.

No tramo de titulares, repiten Cristina Franco Pardo, de terceira, María Azucena Camba Fernández, no cuarto, e Carlos Carballés Penabad, na quinta posición e Antía Bello Penabad, coñecida restauradora no lugar de O Viveiro pecha a lista no sétimo lugar. De suplentes, concorrerá en primeiro lugar Belén Chao Ramil, actual primeira tenente de Alcalde e concelleira de servizos sociais, que deixa a primeira liña política despois de oito anos de traballo e grandes logros no concello, e de segunda Romina Lamas Arnejo.

Regresa tras tres anos a Feira do Ferro cun amplo programa

A XIV edición da Feira da Artesanía do Ferro volverá este ano celebrarse o 16 de abril tras tres anos sen festa por mor da pandemia.

Esta cita, que está organizada pola Asociación de Ferreiros e o Concello de Riotorto, convoca de novo a XIV edición, que foi suspendida con case todo listo no ano 2020, cando no mes de marzo, se declarou o confinamento.

Malia que a maior parte das celebracións se recuperaron en todos os concellos o ano pasado, en Riotorto decidiron esperar un ano máis por un gromo declarado nos meses nos que se convocaba a cita, despois do Nadal.

O programa volve contar con demostracións en vivo de oficios, nas que haberá pirogravado, torneado

de madeira, cestería, alfarería e cristal tallado ademais da artesanía do ferro e os obradoiros infantís.

A Feira da Artesanía do Ferro de Riotorto celebrárase no recinto feiral cuberto baixo carpa, onde tamén se poderá degustar polbo e outra comida tradicional. Haberá animación musical durante toda a xornada a cargo dos Gaiteiros de Riotorto e a Charanga Mekánika.

O programa arrincará o sábado pola noite, ás 22.00 horas, cunha comida popular amenizada polo grupo Fusión. A feira terá lugar o domingo, e abrirá as súas portas ás 11.00 horas comezando xa de seguido coas demostracións de oficios, que contarán con cristal tallado a cargo de Eugenio Soto de Vigo; alfarería con Aparicio de Buño; cestería con Lito de Lugo;

torneado con Pardo Arzúa; pirogravado con José Lázaro de Ponferrada; torneo de cerámica con María Sánchez de Lugo, e obradoiro de carbón con Carboeiros de Baleira.

Trala actuación do Coro de Riotorto, terá lugar a inauguración oficial, que será ás 12.15 a cargo de Montserrat García Chevarría, deputada no Congreso. A continuación terán lugar as demostracións en vivo da artesanía do ferro e os obradoiros infantís. Estas estarán a cargo de ferreiros de Riotorto así como do Centro de Interpretación de la Forja (Navarra). Destarán os traballos de Alberto Leis, Friedrich Brasmsteidl, Antonio do Corgo e Forxa Chago.

Os obradoiros artesanais de Riotorto Jomaca e Maf Artesanía, especializados na elaboración de coitelos,



participaron en diferentes ocasións na feira profesional de decoración Formex, que se celebra en Estocolmo (Suecia), da man de Artesanía de Galicia.

A través da Fundación Artesanía de Galicia, as pezas destes dous obradoiros formaron parte do stand institucional que a marca presentou nesta feira de referencia no mercado nórdico entre os anos 2017 e 2020,

coa que se buscaba impulsar a comercialización do produto artesán galego nos mercados de toda Europa. Pola tarde, a charanga Meanika realizará unha animación cun espectáculo de foto e malabarismo.

Tralas novas demostracións en vivo da tarde, un espectáculo infantil no atrio da igrexa porá o punto e final. A organización lembra que haberá animación musical durante todo o día.

Riotorto comeza un programa de dinamización de maiores

A conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García, asinou esta semana un convenio de colaboración co alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, para colaborar no financiamento dun programa municipal para o envellecemento activo. A Xunta achega 40.000 euros a esta iniciativa que procura poñer en marcha un conxunto de actividades para as persoas de máis idade da localidade.

Con este acordo, a Xunta dá un paso máis en achegar aos fogares dos maiores as atencións que necesitan. A este obxectivo responden medidas como o reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), poñendo a dispo-

sición de todos os concellos máis horas de atención para levar coidados profesionais ás casas dos veciños de máis idade; ou o impulso da teleasistencia avanzada, para incrementar ata os 10.000 o número de persoas maiores de toda Galicia que contan con apoios tecnolóxicos nos seus domicilios.

Neste concello lucense, o Executivo autonómico ten unha vivenda comunitaria, que conta con 10 prazas de atención a maiores. Tamén lle achegou o programa de Coidados porta a porta, que volverá a este municipio en xuño para ofrecer servizos gratuítos en podoloxía, audioloxía e estimulación da memoria.



EMIGRACIÓN. No salón da Oficina de Xunta de Galicia no outrora pazo do Centro Galego da Habana, foi celebrada a xunta xeral de asociados da Sociedade Emigrados de Riotorto, fundada en abril de 1915. Coa presenza da súa presidenta Laura Hernández Rivera e outros membros da xunta directiva; foron tratados diversos temas de importancia para o desenvolvemento da institución, entre outros, os preparativos para a celebración do 108 aniversario da data fundacional, así como a reestruturación da xunta directiva como consecuencia das baixas.

Remata o Máster de Fútbolín con récord de participación e premios



Rematou en Rábade unha nova edición do Gran Máster Nacional de Fútbolín, no que é a súa XXIV edición, e que rexistrou un novo récord de participación con máis de 278 parellas vidas desde distintos puntos da xeografía peninsular e con destacados xogadores.

Un ano máis o colectivo Bola Meiga, organizador do evento, logrou converter a Rábade na capital do fútbolín durante a Semana Santa e durante tres días de intensa competición. Ademais, xa están preparando unha das edicións máis esperadas, a de 2024, xa que será o 25 aniversario do torneo.

Nesta ocasión foron 224 parellas na categoría de movemento, 186

na de parado e 22 na feminina, que se repartiron os 12.000 euros en premios, un incremento sobre edicións anteriores.

A parella formada polo castellonense Toni e o mallorquín Palomo foi a gañadora na categoría movemento mentres que os pontevedreses Tomás e Barciela alzáronse co título en parado e Iván (Melide) e Jonny (Sarria) en combinada. En mulleres, o trofeo foi para a leonesa Andrea e a asturiana María.

Outros premios da sesión foron o que se levou Fútbolín Melide, coa peña con máis participantes; Suso Castro como mellor xogador lucense e o barcelonés Eric Floria, de 9 anos, como o máis novo.

Fillos da Chaira organiza o primeiro festival Entrepontes o día 13 de maio



O colectivo Fillos da Chaira de Rábade vén de convocar a celebración dun festival que se desenvolverá na localidade en maio baixo o título Festival Entrepontes.

A data escollida foi o día 13 de maio para unha cita coa música que será gratuíta para os asistentes.

A primeira confirmación do festival foi o grupo Ninghures, que levará á vial o seu fresh folk galego dentro da xira de presentación do seu novo álbum: Aquí. Xunto a este xa se coñece a participación de Grande Amore, A Banda da Balbina, Tecor Societário, Dosenpunto e Pacrispa DJ.

Segundo avanzou a organización, o festival contará cunha xornada chea de actividades na que consideran que será primeira edición dun festival que nace con aires de continuidade e no que aseguran que estarán artistas de primeiro nivel.

A banda e a escola de música de Meira cumpren 20 anos

Teñen previstas numerosas actividades ao longo do ano, que se concentrarán na semana das festas, cando se presentará o disco que están a gravar

Fai 20 anos, a vila de Meira viu nacer a súa escola de música e tamén a súa banda e este ano, este colectivo, que é un referente na localidade, ten prevista unha serie de accións co obxectivo de que a efeméride non pase desapercibida. A banda xurdiu grazas ao impulso de Rosendo Folgueira Valle, que tiña a intención de crear unha escola de música en Meira, e dito e feito, púxose mans á obra. Ese mesmo ano púxose en marcha, no 2002/03, e ao rematar o primeiro ano xa estaba creada a banda, que fixo ese mes de xuño a súa primeira actuación. Aquela primeira formación contaba con 17 persoas, dirixidas xa polo que hoxe segue a ser o seu director, Fran Cupeiro. O que si que mudou é o número de compoñentes, que hoxe é de 30 persoas, unha cantidade castigada polo efecto da pandemia da covid.

E como a música é un nexos de unión para todos, na banda, e na prebanda tamén, unha formación musical máis orientada á aprendizaxe e á preparación para a principal, conviven xentes de todas as idades. Agora mesmo desde pequenos de 7 anos ata algún maior de 82 tocan baixo a mesma dirección.

Para desfilar baixo o estandarte da banda de Meira hai que pasar dous anos de formación na prebanda, que sempre a houbo pero que nos últimos tempos estéselle dando un protagonismo especial e incentivando o seu crecemento.

Os pequenos que se forman na prebanda pasan á banda cando están listos e así seguen unha tempada, unhas veces máis curta outras máis longa e despois unha porcentaxe deles vaise. Na maior parte dos casos marchan aqueles que van estudar fóra, ou a traballar mentres que esta fortalécese cos que están afincados.

Ao longo destes anos foi moita a xente que pasou polas aulas e que formou parte desta gran familia. Agora mesmo, do grupo orixinal só quedan tres músicos e como explica o seu director, cada 6 o 7 anos hai como unha renovación dos músicos, o que supón “un traballo continuado porque cando todo está formado e funciona ben hai que renovar a maior parte e temos que volver empezar”.

Segundo as estatísticas pasaron pola Banda de Meira máis de cen persoas, deixando en todos eles



experiencias, amizades e algún que outro amorío que rematou tamén en voda. Moitos dos que pertenceron á mesma continuaron coa súa carreira musical e outros as obrigas da vida alonxáronnos durante un tempo.

Con este aniversario, a Banda de Música quere lembrar que sempre

Unha das principais características da banda municipal é que se creou con xente de Meira ou formada musicalmente na vila

foron e sempre serán unha gran familia. “Non só é tocar, é todo tamén. Ti ves medrar os rapaces, ves a súa conexión. Para min, como director, é como si fose a miña casa e a nivel persoal iso é dunha riqueza impresionante”.

Este aniversario é unha lembranza de todo o traballo realizado ata o de agora que confluirá na que consideran a súa actuación máis especial, a que terá lugar para abrir as festas de Meira, en agosto, onde son peza indispensable desde a súa formación. Pero ademais, poden engadir as cabalgatas de reis de Oviedo, onde levan participando máis de 16 anos, ou os dez anos nas procesións de Lugo, concretamente na da Virxe da Esperanza.

Ademais, como principal acto deste 20 aniversario, a banda ten previsto

sacar o seu primeiro disco. Aí recolleran temas de todo tipo e adaptados a todos os gustos, desde os clásicos ata temas máis actuais.

Será precisamente durante as festas cando se faga a presentación deste disco, no que figuran temas cun toque emocional, como un dos primeiros músicos da banda, que tocará a mesma peza que cando era un pequeno de 9 anos; ou a participación de Marta Pacín, a recanteira da Terra Chá.

Será nestes días cando organicen a súa comida anual tradicional, que este ano será aínda máis grande. Ademais, teñen invitadas dúas bandas e moitos outros eventos que irán anunciando pouco a pouco.

Tamén ten previsto realizar unha xira por todos os concellos onde teñen músicos, como Castro de Rei, Lugo, Pol, Ribeira de Piquín, A Pontenova e Riotorto. Outro dos actos centrais foi nesta Semana Santa a lembranza da Confraría de Meira, que organizou unha exposición da historia da banda e lle dedicou a celebración.

Unha das principais características da banda é que se creou en Meira con xente de Meira, ou polo menos formada musicalmente en Meira porque como sempre explican, a súa filosofía principal é “traballar cos músicos propios”. De feito, hai un número fixo de entre 15 e 20 persoas que teñen un compromiso en firme coas citas e actuacións, “porque a xente vén a pasalo ben, a desconectar”.

O respaldo da banda está da man do Concello, que apoia en todo tanto á banda como á escola de música e inviste no seu mantemento, sobre todo nos instrumentos e uniformes.

O IES Pedregal de Irimia dedica unha aula ás mulleres da comunidade educativa



Seguindo a tradición, o IES Pedregal de Irimia volveu festexar o 8M dedicando un aula a unha muller. Neste caso foi a aula de 1º ESO, que foi dedicada Ás Mulleres da nosa Comunidade Educativa.

“Nais, avoas, tías, profesoras, persoal non docente feminino... que traballaron e traballan sen descanso para que o alumnado do IES Pedregal de Irimia se formara e se siga formando como persoas de ben”, reza a praca colocada na aula e onde se explica a razón desta dis-

tinción.

Nun emotivo acto no centro, fíxose unha mención especial a Mercedes García López, Merche, nai de dous estudantes e membro do Consello Escolar, “pola súa implicación na vida educativa do centro ata o seu prematuro falecemento”. En edicións anteriores o centro dedicou unha estancia a una muller representativa. Así, Margarita Leda preside a aula de audiovisuais e Sonia Villapol o laboratorio de bioloxía e xeoloxía.

Regresa o 7 a ruta de sendeirismo Miño-Eo

O Concello de Meira celebrará o domingo 7 de maio a Ruta de Sendeirismo Miño-Eo, que terá lugar cun percorrido de 20 quilómetros de dificultade media-alta e inclúe de novo o almuerzo. Esta dará como ás 8.30 horas coa saída diante da igrexa. Pararase en Espido, tras percorrer nove quilómetros, onde se fará o almuerzo. Tras un avituallamento no Piñeiro, a 16 quilómetros do inicio, o final da ruta estará no Estreito, sobre as 14.00 horas, cando se fará o xantar. A organización recomenda o uso de chaleco reflectante. Cun prezo de 15 euros, o prazo de inscrición remata o 28 de abril e ten



que facerse na Oficina de Turismo, no Concello ou nos teléfonos 618 679 632 ou 982 330 102. Tamén pode usarse o correo turismo@concellodemeira.com.

Curso de elaboración de xabóns

O Concello de Meira organiza un novo taller de elaboración de xabóns que se celebrará o domingo 21 de maio en horario de tarde. O obradoiro desenvolverase no Cabanón Grande, na Praza do Convento e ten aberto o prazo de inscrición ata o 14 de maio. Esta debe facerse no telé-

fono 618 679 632 ou no correo turismo@concellodemeira.com. Ademais, ao finalizar o curso, os asistentes poderán levar para casa os produtos elaborados. O asistentes aprenderán a elaborar xabóns de todo tipo, de lavadora, de peza ou corte, de tocador, etc.

DEPUTACIÓN



1.800 viaxeiros abren de novo o programa Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo arrancou a terceira edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. Esta tempada, que se repartirá en dúas quendas, a primeira dende marzo ata o 16 de xuño e a segunda en outono, mantéñense as 37 rutas polo territorio lucense. En total, na primeira quenda desta edición, participan preto de 1.800 viaxeiros de 80 entidades da provincia.

A deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, foron os encargados de dar a benvida ás primeiras entidades participantes este ano: a Asociación de Veciños de Cumbras, de Monterroso, e a Asociación de Viúvas Julia Minguillón, de

Lugo. Os ulloáns visitaron o Pazo de San Marcos e achegáronse á comarca de Sarria, mentes que o colectivo lucense coñeceu a Produtora de Audiovisuais e o patrimonio de Lourenzá e Mondoñedo.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

Acordo con Adegas polo patrimonio rural

Medio Rural da Deputación e Adegas lanzan o proxecto Patrimonio Rural. Custodiando o noso legado máis singular, co que desenvolverán, ao longo do ano, diferentes actividades encamiñadas á defensa, divulgación, custodia, restauración e conservación do patrimonio cultural e ambiental en entornos rurais.

Os valados de pedra seca tradicionais – técnica de construción declarada como Patrimonio da Humanidade pola Unesco – e elementos do megalitismo como mámoas, dolmes ou petróglifos centrarán as accións a desenvolver no marco deste proxecto, reforzando o traballo que Adegas ten realizado neste eido con acordos de custodia con titulares de terras en distintos concellos e comarcas.

A deputada Mónica Freire sinalou que “o interese de seguir difundindo e implementando estes acordos de custodia para avanzar na protección e na posta en valor do patrimonio da man das persoas propietarias dos terreos e da veciñanza” e incidiu en que “é fundamental traballar ao seu

carón para que as iniciativas de protección se consoliden e se perciban como positivas para o desenvolvemento cultural, social e tamén económico desas zonas”.

Nese senso, destacou que “o proxecto afonda nunha liña de traballo que é común a todos os programas que desenvolvemos desde Medio Rural, desde o programa de visitas escolares Da Escola á Granxa ata O que non arde que apoian as actividades produtivas que inciden na protección do territorio”.

O apoio económico da área dirixida por Mónica Freire, que achega 15.000 euros ao proxecto, destínase a ampliar os acordos de custodia do territorio na provincia, crear unha base de datos de persoas e entidades propietarias para a custodia territorial e adquirir en propiedade novas parcelas. Tamén se actuará no ámbito do voluntariado, involucrando nos grupos á poboación local e formando ás persoas voluntarias na defensa e na restauración do patrimonio.

Os concellos destinan 16 millóns a obras, 3,7 a emprego e 3,4 ao SAF

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou este martes por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, que nesta anualidade conta con 21,5M€ de fondos da institución provincial.

O Goberno provincial sacou adiante deste xeito a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta case 25M€ de fondos públicos no tecido social e económico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que ascenden en total a máis de 3M€.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que, por terceiro ano consecutivo, a Deputación aprobou as bases do Plan Único no ano anterior ao seu período de vivencia, e a relación de actuacións no primeiro trimestre do ano, “o que lle permite aos concellos, tanto planificar as accións municipais con maior antelación, como traballar con máis previsión e tempo, co que aproveitan mellor os recursos económicos e son máis áxiles”.

Os concellos presentaron as súas propostas para investir estas importantes partidas económicas da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, asegurou que con este



instrumento de cooperación a Deputación garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos da provincia con criterios públicos e obxectivos, e botou en falta que ningunha outra administración teña un mecanismo semellante para esta provincia.

Así mesmo, recalco que o Plan Único da Deputación “é fundamental para que os concellos, sobre todo os máis pequenos, poidan prestar os servizos máis básicos ós seus veciños”.

García Porto asegurou que o Goberno provincial se comprometeu ao principio do mandato a incrementar ata o 25% a contía do Plan Único sobre o importe destinado no 2019, “sempre e cando quedase recursos liberados das transferencias á Xunta das competencias improprias que asume a Deputación como as residencias, por exemplo”. Afirmou que a Xunta non asumiu ningunha desas competencias que vén asumindo a Deputación e que tampouco creou

ningunha residencia de maiores pública neste tempo, o que imposibilitou subir as contías máis porque os recursos son limitados.

As entidades locais danlle prioridade aos investimentos -aos que dedicarán 16M€, preto do 70% do total dos fondos, para acometer máis de 330 obras e subministracións-, seguido da creación de emprego, á que destinan 3,7M€, cos que crearán 317 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3,4M€ para atender a máis de 2.000 persoas. Os concellos dispoñen de prazo máximo para executar as accións que contemplan no Plan Único ata o 31 de outubro de 2024 e para xustificar, o 15 de novembro do vindeiro ano.

A deputada detallou que este programa de investimentos supuxo un investimento total de 85,3M€ neste mandato, entre o ano 2019 e este 2023, para acometer 1.500 obras e formalizar máis de 1.200 contratos de traballo.

Aberto o prazo para inscribirse na terceira edición do programa Actívate

A Deputación de Lugo abriu este luns o prazo para inscribirse nas actividades gratuítas do programa Actívate, unha iniciativa que a institución provincial desenvolve por terceiro ano consecutivo para promover o turismo activo, deportivo e de aventura nos concellos.

As persoas interesadas en participar xa poden anotarse desde hoxe mesmo nas tres primeiras actividades que arrancarán esta fin de semana. Poderán facelo cubrindo o formulario de inscrición que estará dispoñible na páxina web inscri-

cions.deputacionlugo.org ou na de turismo.deputacionlugo.gal

A programación arrancará este 15 de abril nos concellos de Guitiriz e Chantada, cunha ruta BTT e kaiak polo río, respectivamente. O domingo 16 de abril, os participantes poderán elixir entre paddle surf ou kaiak para realizar unha ruta polo río Sil, en Monforte de Lemos.

As inscricións para as próximas actividades abriranse progresivamente todos os venres, ás 8 da mañá, cunha semana de antelación ao día de celebración de cada proposta.

O Actívate chegará nesta terceira edición a 18 concellos durante os fins de semana dos meses de abril e maio. Contará cun total de 300 prazas, entre 15 e 20 por actividade, con propostas para todos.

A programación inclúe desde propostas deportivas para os máis atrevidos cun nivel medio-alto de dificultade, como un raid de aventura, surf, kaiak no mar, escalada ou barranquismo, ata iniciativas de dificultade media-baixa, como o cicloturismo histórico, o paintball ou a iniciación á equitación.

DEPORTES



Escola Movemento logra 12 medallas na previa do Mundial de Danza

A Escola Movemento de Vilalba volveu participar un ano máis no clasificatorio para o Mundial de Danza cuns espectaculares resultados. Foron tres días de competición en Burgos que trouxeron como resultado 12 melladas para outras tantas coreografías das 24 que presentaron, as cales obtiveron tamén moi boas cualificacións. Foron en total cinco de Ouro para as grupais Believer, Ritmo, Chindolelé, Miña nai, miña nai-ciña e Mariñeiriño da mare. As pratas foron para Jimena García por Calm e as grupais Cowgirls,

Boom, Beyonson e Santa Compañía. Tamén recibiron dúas medallas máis de bronce por Tengo una muñeca vestida de azul e Terra.

Ademais, as outras 12 coreografías estiveron entre as dez primeiras da súa especialidade, con tres cuartos posotos e dous quintos entre elas.

Unha vez rematado, a segunda fase consistirá en participar coas coreografías premiadas na fase final do Mundial, que se disputará do 30 de xuño ao 8 de xullo en Braga.

82 palanadores xuntáronse na xornada billardeira do IV Aberto das Freces de Bretoña

Por Daniel Rodríguez Saavedra da Asociación O Varal

Fantástica tarde de sol no campo da festa de Bretoña para gozar dunha nova xornada billardeira na que se xuntaron 82 palanadores (52 homes, 16 donas e 13 cativos), que remataron a xornada gostando as típicas freces coas que un ano máis Milagros e súa nai agasallaron a todos aos que acudiron a cita.

Era un terreo irregular e con anacos abondo esponxosos por mor do musgo ó que non todos os palanadores se deron adaptado.

Non foi o caso de Xosé Manuel de Castiñeiro Milenario que carreira tras carreira foi quen de atinar co varal sin precisar de máis de dous ou tres golpes por carreira, o que o levou a estrearse por primeira vez como campión da xornada con pleno de puntos (25). Noé de Troitas Bravas e Manu Pozo de Billardeiros Musicais loitaron polo segundo e terceiro chanzo do podio, quedando nese mesmo orde.

Castiñeiro Milenario atinou tamén en clave feminina con estrea de campioa, foi Vanesa quen dominou seguida de Aroa de Billardeiros Mu-



sicais e da infantil Antía de Troitas Bravas. A categoría infantil dominou Troitas Bravas con Antía, Alba e Martín Sandonguero ocupando as tres plazas do podio.

Por equipos a cousa está moi reñida, desta volta foron os Billardeiros Musicais os que se impuxeron a Troitas Bravas e Carabullo.

Houbo dous varados na xornada, o primeiro acadou Manu Caldeiro, que xa leva tres na tempada, e o segundo foi do mago de Castropol David Navallo.

Os agasallos aos gañadores consistiron nunhas tallas en madeira acompañadas de senllas empanadas de liscos para os tres do podio e para o equipo da xornada.

Convocada a novena edición da carreira popular de Friol

A novena edición da carreira popular de Friol regresa este mes de abril, concretamente o sábado 22.

Esta nova edición da carreira popular en Friol terá saída na Praza de España (diante do Concello). Habrá dúas categorías: a de menores que comezará ás 17:15 horas para seis categorías diferentes (100, 300, 700, 1400 metros); e a absoluta, que terá como hora de inicio ás 18:00 horas, cuxo recorrido será de cinco quilómetros para xuvenil, adultos e máster.

A saída está prevista na Praza de España e a chegada na Avenida de Lugo, á altura do colexio. A entrega de premios será sobre as 19:00 horas diante da casa consistorial. Habrá trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría, agás os máis pequenos e tamén para o grupo dos atletas locais.

Os máis pequenos recibirán todos medalla conmemorativa e repartiránse camisetas para todos os participantes ademais dunha cesta de produtos típicos para os tres primeiros clasificados masculinos e os tres femininos da absoluta.

A inscrición está aberta ata o 18 de abril e pode facerse na web championchipnorte.com. Será gratuíta para as categorías de menores e terá un prezo de 3 euros para a absoluta.



O Castro FSF, campión de liga do seu grupo catro xornadas antes

O FSF Castro volveu facer historia. O seu equipo de Segunda División Nacional logrou o título de campión de Liga do grupo 1 a falta de catro xornadas para o remate. Fai no tras vencer no último partido ao Valdetires Ferrol por 0-7.

O conxunto chairego saca 13 puntos ao seu rival, o Spring Cider Rodiles, e polo tanto xogará a fase de ascenso unha vez rematada a fase de liga.

O FSF Castro ten polo momento

22 partidos disputados nos que só perdeu unha vez e empatou outra. É ademais o equipo máis goleador (111 tantos) e o menos goleado tamén con 22 goles en 22 partidos.

O FSF Castro disputará o ascenso cos gañadores dos outros tres grupos nunha fase final.

Gran papel dos equipos femininos que tamén nas ligas de base están a conseguir bos resultados sempre no máis alto das súas respectivas táboas.



As xuvenís Yanira Guizán e Aroa Rodríguez, convocadas coa Selección

Tres xogadoras galegas de fútbol sala foron reclamadas pola Selección Española. A porteira Yanira Guizán (EDM Concello de Guitiriz) e as xogadoras Aroa Rodríguez (Vilalba FS) e Carla Martínez (Viaxes Amarelle FSF) recibiron a chamada do combinado nacional da categoría sub 17 para participar na próxima concentración. A seleccionadora Clàudia Pons fixo oficial esta lista de convocadas para

a concentración da selección sub 17 feminina que se levou a cabo do 2 ao 6 de abril en Boticas (Portugal). Alí, España enfrontouse á selección lusa os días 4 e 5 de abril.

Yanira Guizán e Aroa Rodríguez disputaron esta mesma tempada o Campionato de España de Seleccións Autonómicas coa Selección Galega sub 19, mentres que Carla non puido asistir ao estar mancada.

O club BTT Castro de Rei recupera a súa quedada anual de abril

O club ciclista BTT Castro celebrará o 16 de abril a quinta edición da súa quedada anual que tivo que ser suspendida no 2020 pola pandemia.

A proba consistirá nunha ruta cicloturista polo concello que non terá carácter competitivo, polo que non será cronometrada. O obxectivo desta actividade será facer unha excursión á que poda sumarse o maior número de amantes do ciclismo.

Este ano a ruta constará de uns 40 km cun desnivel positivo acumulado de 800 metros, incluíndo os clásicos como o Pienseiro, Carballeira e un renovado LeiteSeca que para moitos será novo e un tramo inédito. Sumarase un tramo inédito tamén.

A saída está prevista ás 9.30 horas da carballeira de Castro Ribeiras de Lea, na que os participantes poderán tomar un café. A organización anunciou que este ano haberá unha pinchada final con sesión vermú. A música estará ao cargo de Eventec e o menú consistirá nunha parrillada de hamburguesas artesanais e filloas.



Regresa a XIII Carreira Popular Guitiriz Termal

A xa tradicional proba deportiva Carreira Popular Concello de Guitiriz Termal regresa o sábado 15 de abril e conta xa con máis de 200 persoas inscritas. O evento cumpre a súa XIII edición e ofrecerá tanto carreiras para todas as idades como a posibilidade de percorrer a contorna da vila nunha andaina de 9 quilómetros que celebra a súa segunda edición.

Ademais, na páxina web habilítouse unha categoría Fila 0 para que calquera persoa que o desexe, participe ou non na carreira, poida facer o seu donativo á asociación. Tamén, o mesmo día da carreira haberá unha hucha para que todas as persoas poidan apoiar esta iniciativa in situ.

Esta asociación xurdiu para ofrecer información e acompañamento ás familias que teñen que convivir no día a día con esta enfermidade rara de orixe xenética que pode xerar cardiopatías, problemas xenitourinarios e retrasos no desenvolvemento psicomotriz. Ademais, a asociación permite ser un punto de encontro dixital para todas aquelas institucións, empresas e particulares que queiran axudar ou investir fondos para facilitar as actividades da agrupación.

En función dos grupos de idade, a carreira desenvolverase en diferentes modalidades e distancias. Os menores de 7 anos percorreren unha distancia de 200 metros; os sub-12, 800; os que non superen os 16 anos,

1,56 quilómetros e para a categoría absoluta, 5.000 metros. A andaina tamén para adultos como para menores ten unha extensión prevista de 9.000 metros.

FÚTBOL SALA. Ademais, o Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz será a sede das finais da Terra Chá de fútbol sala do programa Xogade esta mesma fin de semana. O recinto deportivo acolle os partidos definitivos polo título de mellor equipo da comarca das diferentes categorías do torneo de deporte en idade escolar organizado pola Xunta de Galicia.

A partires das 9:30 horas, distribuídos ao longo da mañá de maior a menor categoría, comezarán os partidos. Á citada hora, Vilalba e Mondoñedo xogaranse o título cadete. Ás 10:30 horas, Meira e Pastoriza xogarán polo trofeo infantil. Ás 11:30 horas, os alevíns do Concello de Guitiriz enfrontaranse a Outeiro de Rei. En prebenxamíns, nun partido previsto para as 12:30, competirán Meira contra Cospeito. E por último, ás 13:30 horas, pecharán a xornada os benxamíns do Concello de Guitiriz, tamén contra Outeiro de Rei.

Ás 14:15 horas está prevista unha entrega de premios que galardoadará a todos os participantes dunha fase final da que os seus gañadores acadarán o billete para participar nos campionatos provinciais.

As Pontes acollerá o Campionato de España de Ciclocrós no 2025

A Comisión Delegada da Real Federación Española de Ciclismo aprobou na súa última reunión a data e a sede do Campionato de España de Ciclocrós de 2025: o lugar escollido é As Pontes, localidade que se gañou un oco dentro do corazón dos especialistas en ciclocrós trala cita celebrada no mes de outubro.

A Comisión Delegada da RFEC aprobou na súa última reunión a data e sedes do Campionato de España de

Ciclocrós 2025. O Nacional de Ciclocrós 2025 celebrarase do 10 ao 12 de xaneiro de 2025.

Serán centos de participantes e de afeccionados os que visitarán a vila no mes de outono. Dende o Concello vese como un premio aos clubs locais que pelexaron por traer o campionato galego celebrado aquí, e que tan bo sabor de boca deixou na Federación Galega, gran defensora do circuíto das Pontes.

Loitadores da base de Vilalba, campións de liga da zona norte

Deportistas do Club Loitas Olímpicas de Vilalba participaron na xornada Norte da Liga de Deporte base, na que acadaron o primeiro posto de entre 7 equipos das provincias de Ourense, Coruña, Lugo e o da Federación Asturiana.

En total máis de 200 nenas e nenos entre 6 e 12 anos fixeron disfrutar ás nais e pais do que levan aprendido durante esta tempada nunha xornada de preto de 3 horas, na que puidemos ver dende o esforzo das e dos recén iniciados aos despuntes de talento dos e das que xa levan anos facendo deporte. Este é un dos aspectos máis característicos destas xornadas que cada vez teñen máis participantes, e é que están adaptadas para que calquera neno ou nena independentemente do seu nivel poda participar no que o carácter competitivo queda nun



segundo plano.

Nesta primeira xornada o equipo vilalbés alzouse co primeiro posto ao acadar 174 puntos seguido do Ayude de Santiso e do Keltoi de Vila de Cruces con 127 e 125 puntos respectivamente.

Con este primeiro posto o equipo de Vilalba, que estivo composto

por parte dos deportistas da Escola Municipal de Loita de Vilalba e unha pequena representación de deportistas de Escola Municipal de Xermade, clasificouse para a Final A da Liga de Deporte Base na que poderán medirse cos compañeiros mellor clasificados na Xornada Sur.

O Vilalbés B logra o ascenso a Segunda e é o campión do norte



O Vilalbés B xa é equipo de Segunda Galicia con antelación. Ademais logrou o título de campión do grupo Norte tras sacar oito puntos de vantaxe ao seguinte clasificado, o Mondoñedo. O equipo de Iván Lamas venceu ao Cazás en Catro Ventos por 2-3 asegurándose o ascenso a falta de dúas xornadas para o remate da Liga. Tras 20 xornadas, sumou 14 vitorias e 6 empates sen saber o que é perder.

Non deixa de ser moi meritorio o ascenso do Vilalbés B, xa que se trata dun equipo que debutou este ano na categoría e que ten como obxectivo recibir aos xogadores da base que terminan o seu ciclo e formalos para poder entrar no primeiro equipo, que milita na Terceira División.

O conxunto chairego, que estará acompañado polo Mondoñedo na categoría superior o próximo ano,

disputa este mes o Torneo Delegación no grupo 1 xunto ao Cazás e o Celeiro.

CROMOS. Seguindo na liña doutros anos, o CD Castro presentou o álbum do club para a tempada 2022/23, composta por imaxes de todos os xogadores, de todas as categorías, incluída a canteira e os veteranos.

Segundo explicou o presidente do club, o álbum recolle as imaxes de xogadores, adestradores e equipos diferentes. Contan con representación en Primeira e Segunda Galicia en competición oficial de adultos ademais de en todas as categorías da base, desde xuvenil a prebenxamín.

Os cromos véndense en sobres de cinco e os álbums poden comprarse na librería Cousas, na Amorín ou nas oficinas do club.

A cuarta edición do Slalom de Guitiriz será o día 6 de maio



A escuadra Scratch Fene organiza por terceiro ano consecutivo o Slalom Concello de Guitiriz Gran Premio Roteiro da Auga, que terá lugar o próximo 26 de marzo. Trátase dunha proba de carácter nacional e puntuable para o campionato de Galicia de slalom. A competición iniciarase dende o Campo da Feira de Guitiriz facendo o percorrido pola súa contorna.

Desta volta será Wash-up Guitiriz quen premie con 300€ a millor pilotaxe e o premio final de tempada para o campión e subcampión galego do Campeonato Gallego de Slalom, será de 1.500 e 500 euros respectivamente.

Tamén haberá un Trofeo iniciación con coches de rúa de ata 1.200 cc. e un trofeo de eléctricos. Esta proba abre o campionato, que se prolongará ata o mes de novembro.

Cambian de data o Trail das Bestas murés para o sábado 15 de xullo

O Concello de Muras, organizador do Trail das Bestas, vén de cambiar a data para a nova edición do mesmo, que será o sábado 15 de xullo. Este cambio fíxose por petición popular, xa que o 16 coincidía coa festividade do Carme, que se celebra moito na zona.

A organización fixo esta convocatoria pero aínda non se sabe cantas prazas haberá aínda que o ano pasado foron 500. As inscricións abríanse o 14 de abril.

A que será a sexta edición volverá

ter un percorrido circular con saída e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuito marcado con cinta de balizamento e con sinais de dirección nos cruces a carón da localidade de Muras chegando á Serra do Xistral no seu punto máis lonxano. A organización establece tres distancias diferentes e caro disciplinas. Xa que serán o maratón, 27 quilómetros e 15 quilómetros para corredores e esta última distancia será a que se faga por parte dos que realicen

a andaina. Como novidade deste 2023 o percorrido do 15k e andaina será totalmente novo. Tamén será lineal, polo que transportarase aos corredores á saída en buses, igual que se fará no 27k.

Tamén se establecen dúas categorías, absoluto e veterán (este último para maiores de 46 anos). Non existe a categoría senior. Os premios absoluto e veterán son acumulativos. Haberá trofeos para os tres primeiros de ambas categorías.

Riotorto celebrará a súa primeira proba de trail

A localidade de Riotorto estreará unha ruta de trail este mes de maio. Co nome de I Trail Ruta dos Muíños celebrarase o día 27 de maio con tres probas diferenciadas. Por unha banda, terá lugar unha andaina de 16,5 quilómetros, que arrancará ás 10.00 horas da praza das Rodrigas, onde tamén estará a meta. Esta andaina non terá fin competitivo pero será necesaria a inscrición.

Pola tarde terán lugar ás dúas pro-

bas deportivas. Ás 16.30 horas sairá a proba de enduro, de 20 quilómetros, nas categorías masculino e feminino a partir de 18 anos. 20 minutos despois sairá a proba do propio trail, tamén para homes e mulleres a partir da maioría de idade. Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados da categoría trial e enduro. A inscrición debe realizarse a través da páxina cconorte.com e ten un custe de 10 euros para cada unha das probas.



Éxito dos chairegos no Circuito de Touchtennis celebrado en Cospeito



O pavillón de de Cospeito acolleu a cuarta proba do Circuito entre escolas de Touchtennis, no que están a participar escolares de Cospeito, Vilalba, Rábade, As Pontes, Moche e Miño.

Trátase dunha competición que deu comezo nas Pontes en decembro e que consta de sete xornadas. Anteriormente celebráronse tamén as citas de Miño e Moeche e queda aínda Rábade, Vilalba e Foz pero as datas aínda non se coñecen.

Nesta edición cospeitesa os premios foron para a local Thais Fernández e Diego Paz das Pontes na categoría prebenxamín. A segunda posición ocupárona Paula Bouza e

o tamén pontés Marco Purriños. En benxamín todos os gañadores son de Cospeito: Andrea Teijeiro e Íker Novo, seguidos de Tatiana Fernández e Samuel Prado.

Os premios alevíns foron para María Sande e Martín Pita, este das Pontes, coa segunda posición en mans de Carolina e Alejandro Sedes.

Na categoría infantil gañaron os vilalbeses Estefanía Río e Adrián López. O segundo posto foi para o pontés Sergio Fernández.

As xogadoras cadetes de Rábade Celia e Jenni leváronse o premio xunto a Carlos Bouza e Joel Luaces.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓN

A interculturalidade na educación

O PUPITRE



Julio Díaz

O concepto de interculturalidade é a peza clave para posicionarse de maneira rotunda nunha defensa dos dereitos humanos como universais e da igualdade por riba das diferenzas. A interculturalidade non pode admitir xamais asimetría algunha. Hai moitas -económicas, sociais, políticas... - e todas elas deben ser combatidas. Pero a nós, como educadores, correspóndenos directamente combater as propiamente educativas, que tamén existen. O

sistema educativo debe ser adaptativo e transformador, considerando as diversas realidades económicas e socioculturais, nun marco de interacción comunicativa.

Debemos partir do axioma fundamental de que non existen culturas mellores nin peores. A natureza é moi diversa e non hai cousa máis xenuína no ser humano que a súa diversidade.

A escola do Século XXI, debe saber que as persoas que a integran son moi diversas á hora de adquirir ou xerar coñecemento e isto é así porque teñen diferenzas cognitivas, afectivas e sociais, ademais doutras de xénero, étnicas ou culturais. Compartir e aceptar esta realidade implica un proxecto que non se re-

fire a rapazas/rapaces hipotéticas/os, senón a un proxecto comprensivo, único e diverso que permita novas formas de sociabilidade e cuxo epicentro sexa a diversidade e non a uniformidade.

Na aceptación dunha nova sociedade pluricultural, é preciso recoñecer a importancia da educación á hora de ofrecer unhas respostas adecuadas ás distintas necesidades sociais. Por iso, a educación na diversidade non debe ser fonte de enfrontamento, senón un compoñente máis que enriqueza a nosa cultura. O feito de que os nosos alumnos procedan de culturas diferentes, lonxe de supor un problema, debemos expolo como unha excelente oportunidade para educalos en valores máis diversos.

Nós, os docentes, temos a función de mediar con eficacia no diálogo entre culturas, o que nos leva a intentar acadar que as/os nosas/os alumnas/os recoñezan e acepten a diferenza cos outros como un valor, considerando esta, como unha diversidade enriquecedora e non como unha desigualdade.

Debemos difundir unha cultura de conciliación, o que esixe reclamacións sociais entre persoas de igual a igual, que sempre se producirán polo recoñecemento mutuo e nunca polo poder dominante dunha raza, cultura ou sexo.

Tamén debemos ser capaces de concretar nas/nos nosas/os alumnas/os a capacidade de buscar sempre solucións negociables, in-

tentando descubrir os valores do outro, destacando sempre o que nos une máis que o que nos separa, de maneira que se chegue a puntos de encontro.

Gustárame rematar esta reflexión citando unha recomendación do Consello de Europa:

“Unha pedagogía intercultural non é xustaposición de materias culturais, nin unha amalgama das mesmas. O obxectivo que se persigue é un enriquecemento e comprensión mutuas a través da aprendizaxe baseadas sobre o fondo cultural de cada un, a fin de que se respecte a cultura de cada quen, se valore aos ollos dos demais, e que a práctica se apoie sobre unha realidade cultural en vez de negala”.

Os tambores da rebelión

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

O distrito 20 é un barrio popular e moi animado do leste de París. Conta con numerosas salas de concertos e teatros. O seu principal reclamo turístico é o cemiterio de Père Lachaise, poboado de tumbas de artistas, escritores e músicos afamados, como Frédéric Chopin ou Jim Morrison. Nun local da zona, os nenos con dificultades cognitivas teñen a oportunidade de rachar o seu silencio e recuperar a súa comunicación co mundo grazas a un percusionista arxentino, Martín Saint Pierre, asentado en Francia dende a década de 1970”. Ramón contábame esta historia en abril de 2011, cando me despracei a París para convencerlo de que era o momento de pechar o círculo con Reigada, da que se exiliara voluntariamente trinta anos atrás.

“A comezos de 1982, mentres estaba a rematar ‘El lago de Como’, tomei un repouso para asistir a un recital de tam-tam a cargo de Martín Saint Pierre, un dos grandes percusionistas do momento. Chamoume moito a atención, porque un concerto dedicado exclusivamente á percusión era impensable cando cheguei aquí. Naquel tempo, producíase un retorno a

esta música das orixes e, na nosa casa, Manu e Antoine tamén amosaban interese por tambores e timbais”, afirmaba Chao. Hai que ter en conta que a familia da percusión inclúe os instrumentos máis antigos, que poden tocar non só o ritmo, senón tamén a melodía e a harmonía. A súa plena actualidade resulta dunha evolución lenta, debida ao recoñecemento e á incorporación -por parte da música tradicional- de expresións foráneas, cos seus instrumentos básicos. Lembro que mentres departiamos sobre percusión, no estudo da casa de Sèvres escoitábase ‘Lágrimas de oro’, a canción de Manu: “Llegó el candorillo y Super Chango / Y toda la vaina de Maracaibo / En este mundo hay mucha confusión / Suenan los tambores de la rebelión / Suenan los tambores de la rebelión...”.

Calcúlase que nas cidades europeas de menos de 100.000 habitantes, máis dun cento de rapaces estudan algún instrumento de percusión; no caso dos de maior talento, adoitan comezar a unha idade temperá, normalmente ao redor dos dez ou doce anos. A percusión está integrada en case todas as manifestacións musicais: nos ballets modernos, nas grandes orquestras sinfónicas, no jazz, no pop, no rock... Deste xeito, o ritmo, a melodía e a harmonía



están sempre representados. Debido á diversidade da percusión, non é raro atopar conxuntos musicais compostos exclusivamente por instrumentos desta familia. E Ramón matizaba: “Os grandes compositores crean obras para o Grupo de Percusións de Estrasburgo, e Silvio Gualda, solista da Ópera de París á fronte da súa batería, ten a mesma consideración que Arthur Rubinstein no seu teclado, ou Pedro Corostola co seu violoncello”. De súpeto, lembrei que este último impartira cursos en Compostela durante varios anos. Un mestre formidable que finaría algún tempo despois (marzo de 2020), tras levar a súa experiencia a instrumentistas noveis de numerosas cidades españolas dende a súa cátedra de Madrid.

En épocas remotas, o ser humano seleccionou os materiais máis idóneos para confeccionar instrumentos rítmicos, xa fose golpeando uns contra outros, fretándoos

ou baténdoos con paus. Pronto se utilizaron ósos e cornos de animais, e da prehistoria datan os primeiros concertos de queixada. Tiñan funcións máxicas e de esconxuro, en calidade de elementos lúdicos. A música de percusión, de moda no mundo celta e tamén durante o imperio romano, decaeu coa chegada dos bárbaros. Durante a Idade Media deixou practicamente de existir; só se utilizaban os instrumentos como xoguete (as carracas) ou como aviso da proximidade de leprosos (táboas de San Lázaro). Na actualidade, a percusión coñécese xeralmente como a “columna vertebral” ou o “latexo do corazón” dun grupo musical, traballando a miúdo en estreita colaboración cos instrumentos de baixo, cando están presentes.

Aquela longa conversa con Ramón sobre percusión acabou sendo unha clase maxistral. Eu adoptei o papel de alumno e limiteime a

escoitalo con atención: “No jazz e outros conxuntos de música popular, o pianista, o baixista, o batería e (ás veces) o guitarrista, forman a sección rítmica. A maioría das pezas clásicas escritas para orquestra completa, dende a época de Haydn e Mozart, están enfocadas para poñer énfase nas cordas, ventos de madeira e ventos de metal. Con todo, a miúdo inclúese polo menos un par de timbais”.

E proseguíu: “En case todos os estilos musicais, a percusión desempeña un papel esencial. Na cultura popular máis recente, é case imposible nomear tres ou catro cancións de rock, hip-hop, rap, funk ou mesmo soul que non teñan algún tipo de ritmo percusivo que manteña a melodía”. Rematado o parrafeo, trasladámonos a Montparnasse, na marxe esquerda do Sena, un barrio onde a creatividade sempre foi ben acollida. E perdémonos camiñando polo Boulevard Raspail, coa mente no día seguinte: embarcaríamos xuntos no aeroporto Charles de Gaulle, nun voo directo cara a Prisciliano de Compostela. Ao chegar a Galicia, visitamos a casa de Bastavales, onde recollimos un tambor que deixara Manu. Pedínllo a Ramón: “Para unha batucada do Xiao, o fillo de Iria”. E insistín coa miña teima de Reigada... Días despois, o 15 de abril de 2011, conseguín que se reconciliase definitivamente coa súa vila natal. Pero esa é outra historia.

Serafín do Rei, o poceiro dos Vilares

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O meu veciño, Serafín Trinidad, naceu no ano 1909 do século pasado na casa do Rei da aldea da Tiñaz, da parroquia dos Vilares de Díaz Castro e era irmán de Manuel Trinidad, mais coñecido como “O Xamoneiro de Vilalba”, que tiña o seu almacén na rúa Campo de San Xoán da capital chairega e do que xa falamos nestas páxinas.

Criouse naquela aldea tranquila e en paz, traballando o seu pequeno lugar e practicando a caza, que era a afección mais grande que tiña e tanto lle daba que fora de pelo como de pluma, aínda que debíase dar moito mellor a de pluma, xa que os outros cazadores acumábano “O rei das perdices” pois seica era moi raro que se lle escapara algunha.

Nesas andaba felizmente o home, até que lles deu aos militares fascistas por levantarse

contra o lexítimo Goberno da República, rematando coa tranquilidade de Serafín e coa vida de moitas persoas. Andaba daquela polos 27 anos de idade cando o chamaron os franquistas para que se presentara na Coruña e de alí metérono con outros moitos mozos nun tren militar, con destino á fronte de guerra de Toledo. No tren ía tamén o veciño dos Vilares, Cándido Piñol, fillo da vella Molina de Vilargabín, María Corral, que cando soubo que o seu fillo fora ferido, púxose ao camiño e chegou andando a Toledo a tempo para que Cándido morrera no seu regazo.

Sen embargo Serafín tivo mais sorte ao arriscar a súa vida antes, sen agardar unha morte na fronte case segura, pois ao subir a costa do Sal que está despois de Betanzos o tren seica ía moito mais amodo por aquela costa tan empinada e decidiu tirarse do tren e escapar polo monte. Non sabemos, si aproveitando esa longa costa fuxiron algúns mais ou non, porque Serafín nunca quixo falar desa época que para el era como si non existira. Era un paréntese en negro na súa vida.

Durante toda a guerra andou escapado e tivo a habilidade de esquivar á Garda Civil, que non deixou de buscalo e de preguntarlle por el a Luciano, un neno que era primo seu e que lle levaba a comida ao monte, pero Luciano nunca o descubriu e non puideron collelo, até que un día, por un descoido, topouse de fronte con unha parella de Gardas Civís e non tivo mais remedio que darlles os bos días e seguir o seu camiño coma si fora un paisano calquera. Ao primeiro os gardas non se deron conta de quen era e contestáronlle ao saúdo, pero despois un preguntoulle ao outro: E este non é Rei? Déronlle o alto e detivérono. Pero tamén lle saíu bastante ben a cousa, pois xa os fascistas gañaran a guerra, polo que foi xulgado con mais indulxencia que si non houbera rematado e a sentenza foi volver facer o servizo militar en Melilla durante outros dous anos. Foi alí onde aprendeu cos mouros a manexar a dinamita mais a pólvora e a bailar o “chiringuai”,

un baile seica moi popular en todo o Rif e que só bailaba cando o alcol facía os seus efectos, aínda que por mais que mirei no longo e recoñecido tratado de Joseba Sarrionandia, sobre a cultura árabe e amazigh do norte de África, “¿Somos como moros en la niebla?”, e noutros documentos que caeron nas miñas mans, nunca atopei ese tipo de baile.

Antes de irse para Melilla traballaba na casa de labrador e por fora de canteiro, pero, ao facerse esperto no manexo da pólvora e da dinamita, deixouse acariñar algo polos fascistas e déronlle permiso para manexar eses materiais explosivos e traballar de poceiro, barrenando rochas e arrincando pedras para facer casas, alpendres, ou simples muros. Mercaba eses materiais na “Casa Revilla”, que estaba no fondo da praza de Santo Domingo de Lugo, onde aínda se pode ver o letreiro si non tiraron a casa, que xa fai tempo estaba en ruínas. Fixo moitos pozos por toda a contorna, algúns deles moi perigosos debido a que eran

moi fondos e había que calcular ben a largura da mecha que lle debía de poñer para que lle dera tempo a saír do pozo despois de poñerlle lume e antes de que explotase.

Polo que se viu era un gran especialista, pois tamén calculaba a ollo as cantidades de dinamita necesaria para poñer en cada caso, como cando barrenou dentro da casa de Manuel de Veras, da aldea de Liñarede, para fundir mais a corte e que lle collera mais estercos, porque nunha casa de pedra, xa é sabido, que si pos mais dinamita da debida pódese esborrallar a casa. Pero, debido á súa mestría, os cálculos foron perfectos e non houbo nada que lamentar.

Rematou a súa vida laboral de enterrador e seica o anterior, Juan de Tabaco, que so cobraba 25 pesetas por cavar unha tumba, aconselloulle que non fora tirar os prezos, pensando que si os tiraba habíano ter a el por ladrón, pero Serafín díxolle que non tivera medo, porque el xa cobraba cen pesetas.

A dicir verdade era un prezo moito mais xusto.

O poder do campo holandés

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Recientemente celebráronse eleccións locais e rexionais en Holanda, e a sorpresa veu dada polo magnífico resultado dunha organización política denominada Movimiento Campesino Ciudadán.

Este país é un dos máis avanzados da Europa Comunitaria e actualmente denomínase Países Baixos, nome que ven motivado porque case un tercio do seu territorio se atopa por debaixo do nivel do mar. Unha grande obra de enxeñería, coa construción de barreiras e diques, impide que o océano devore campos e localidades, existindo vida e produción, agraria e industrial, nese terreo que foi conquistado á Natureza.

Se alguén viaxa ao longo desta nación, que é unha monarquía parlamentaria, descubrirá zonas rurais con cantidade de granxas de vacún –de leite e de carne–, de ovelas e cochos, así como extensas fincas cultivadas de flores. Chama a atención o verde dos prados, in-

cluso no verán, que adoitan estar rodeados de canais de auga por todas partes e que amosan unha cor verde constantemente.

Sen ningún xénero de dúbidas, Holanda é un dos estados máis puxantes no noso entorno e as súas xentes amosaron sempre un carácter emprendedor. Os indicadores están aí; o desemprego, inferior ao cinco por cento e a renda per cápita é o dobre da que temos nosoutros aquí en Galicia. Por certo, a emigración galaica tamén tivo neste país un dos seus destinos.

Voltando a esas eleccións locais, cómpre analizar as causas dese resultado obtido polo citado Movimiento Campesino Ciudadán, que está a ser capitaneado por unha xornalista. Esta forza emerxeu de súpeto grazas en parte a un malestar xeral de agricultores e gandeiros –os cales apenas representan o dous por cento da poboación activa– ás medidas que se están a impoñer desde o goberno central para mellorar as condicións medioambientais. Esas normas afectan de cheo ás explotacións holandesas, xa que esa normativa que se pretende implantar



levaríase por diante tres de cada dez granxas lácteas e porcinas, ao non ser capaces de adaptarse aos obxectivos de redución das emisións de CO2 que se pretenden. As protestas de labregos e gandeiros agudizáronse nos últimos tres anos, con tratoradas e marchas multitudinarias, poñendo contra as cordas ao mesmo goberno, ata o punto de ter un partido político propio que ven de obter un espectacular resultado nas urnas. A voz do campo holandés escoitábase con máis forza que nunca a partir de agora e non lles quedará máis remedio aos dirixentes do país que consensuar esas decisións que se

O RECUNCHO DE CANELINA



estaban a tomar desde os despachos. A democracia ten estas cousas; o descontento dun sector como o agrario e gandeiro, que produce alimentos para consumo dos seus compatriotas e que exporta ao exterior, manifestouse nunhas votacións. Quere seguir producindo, creando riqueza e dándolle de comer á poboación.

Por suposto que os problemas co medio ambiente están aí e máis nunha zona moi sensible polas súas especiais características. Pero a súa protección debe compatibilizarse co dereito a seguir coa actividade.

O pobo holandés acaba de dar unha lección. Igual cumpriría tomar nota.

DE RUTA EN RUTA

Xermade: Camiño Real da Carba

Antiga ruta comercial cargada de historia que enlazaba Mondoñedo, capital de provincia de Galicia, con Ferrol, pola crista da serra

Unha das rutas máis destacadas que nos ofrece Xermade é o Camiño Real da Carba. Enlazaba Mondoñedo, capital do antigo Reino de Galicia, con Ferrol. O camiño supuña unha ruta comercial sobre o que se teñen producido innumerables acontecementos.

É un paseo pola crista da Serra da Carba e ascensión á súa punta máis alta, o Garba, de 909 metros de altitude cun vértice xeodésico e unhas preciosas vistas da Terra Chá polo sur e da Serra do Xistral polo norte.

Todo o camiño é por unha pista de terra pisada que dá servizo ás torres eólicas. Non presenta ningunha dificultade salvo que vaiamos nun día de moito vento ou de tormenta.

No seu percorrido polo Concello de Xermade cruza a Serra da Carba, que forma parte do LIC da Serra do Xistral, entrando por Lousada e saíndo na parroquia de Roupas, cara ás Pontes, Espiñaredo, Ponche de Xubia e Ferrol. Antes, saíndo de Mondoñedo, cruza Abadín por Romariz, Labrada e Montouto e Vilalba por San Simón e Vilapedre.

O primeiro lugar que se atopa un en Xermade é a Casa Neveira, edificio de forma rectangular, construído en



pedra nunha zona con certa pendente de forma que unha parte queda practicamente enterrada e a outra a nivel do solo, por onde se facía o acceso. En tempos antigos, en que as nevaradas eran copiosas e duradeiras no tempo, recollíase a neve da zona próxima, para introducila na casa.

O camiño prosigue polo cumio da Fraga da Lagoa, auténtico nicho ecolóxico onde se atopan carballos e acivros seculares, con outra vexetación, que forma un manto no terreo de grande valor ambiental. Na súa cabeceira xorde o manancial que dá vida ao Río Trimaz e no seu cume está un lago natural que se forma polas altas precipitacións.

Neste lugar facíanse as monterías ou batidas do lobo, ata o primeiro terzo do século XX, e había un foxo, un furado escavado na terra que tamén se empregaba para dar caza ao animal, usando un cabrito de reclamo.

Despois de pasar sobre a fraga, pasa preto dun moderno parque eólico que coa nova infraestrutura viaria fai esquecer un pequeno treito do camiño, para unirse de novo en dirección ao lugar da Garrona. Antes

de chegar a el deriva á dereita en dirección a un pequeno rego e despois aparece a Cruz da Rega.

Logo se chega ao Campo da Feira, xunto á igrexa parroquial de Santo André de Lousada, edificio moderno construído no ano 1962, cun gran mosaico no frontón da fachada principal, que veu a substituír a Igrexa vella.

Por un tramo de estrada provincial avanza o antigo camiño real para salvar Pontogutierrez e unha vez pasado O Sumeiro volver a recuperar o trazado orixinal, salvando a Ponte dos Corvos, de construción medieval. Próximo ó camiño está o punto onde se erguía a Capela de San Andrés de Teixido, de onde o cura levou a imaxe que agora se venera en Ceideira.

En Abelleira, onde o viaxeiro tiña por costume facer noite, atópase a posada de Pepa da Loba, un personaxe histórico do que se di que comezou como bandoleira, comprou a pensión pero non deixou de roubar polos camiños. Consérvase a casa, con troneiras de defensa fronte á porta, que acubillou nestas terras, e aínda os máis vellos amosan os lugares



onde bebían as cabalerías e onde se apostaba a súa xente para asaltar a certos camiñantes.

Rematando o treito de Lousada, intérnase o camiño na parroquia de Roupas, chegando, despois de pasar outro rego, ao lugar do Boucello, para seguir por vías máis modernas ata Penavaqueira e Os Fornos. A este último núcleo quedoulle o nome pola existencia de fornos de pan que cocían con asiduidade para abastecer aos viaxantes do camiño.

Logo aparece a Capela do Campo, adicada á Virxe do Carme e San Caetano, construída no século XVIII.

Continúa o camiño por Casanova e

polo lado da Igrexa de San Pedro Fiz de Roupas, de antiga construción e fronte á Escola Habanera levantada coas aportacións dos emigrantes de Roupas a principios do século XX.

Consérvase un edificio antigo que era usado polo corrixidor do rei, en tempos do Conde de Amarante, como prisión. Próximo está o Pozo do Cárcere, que servía para abastecer aos ocupantes do edificio.

Pola agora estrada provincial, chegamos aos Bestelleiros e pasando, preto da Pedreira, por Calousada, Rego dos Sapos, Reboredo, dirección Aguillón, último lugar con casas no Concello de Xermade.

DATOS



3 horas



12 quilómetros



Dificultade fácil

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05